



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

CERTIFICACIÓN

O Pleno da Corporación na sesión ordinaria con data do 7 de agosto de 2024, aprobou, por unanimidade, o seguinte acordo:

“4. APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA PROTECCIÓN CONTRA A CONTAMINACIÓN ACÚSTICA.

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa Única Asuntos do Pleno con data do 2 de agosto de 2024 que deseguido se transcribe:

“ASUNTO: Ditame comisión informativa asuntos do pleno relativo á aprobación definitiva da Ordenanza municipal reguladora da protección contra a contaminación acústica.

Expediente TEDEC: 2023/G013/000002 (Ordenanza)

Expediente TEDEC: 2024/G006/000155 (Proposta)

Expediente TEDEC: 2024/G012/000008 (Comisión Informativa).

Examinada por parte desta Comisión Informativa de Asuntos do Pleno a documentación obrante no expediente de referencia e emitidas as seguintes consideracións por parte dos membros da mesma:

- *O señor Alcalde, don Jose Antonio Pereira Gil, resume a elaboración do proxecto e dalle paso á Secretaria – Interventora para que expoña de forma resumida o obxecto deste ditame.*
- *Non se producen intervención de consideración.*

En virtude do disposto nos artigos 123 e ss. do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, mediante o que se aproba o Regulamento de organización e, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, esta comisión informativa ditamina, por unanimidade de votos a favor, o seguinte informe proposta:

“Informe-proposta

Procedemento: Aprobación de Ordenanza Municipal Reguladora.

INFORME-PROPOSTA

En relación co expediente relativo á aprobación da Ordenanza Municipal Reguladora de Protección contra a Contaminación Acústica, emito o seguinte informe-proposta de resolución, de conformidade co establecido no artigo 175 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro,

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación aplicable é a seguinte:

— Os artigos 4, 22.2.d), 25, 49 e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

- Os artigos 128 ao 131 e 133 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

— O artigo 56 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril.

— O artigo 26 da Lei 50/1997, de 27 de novembro, do Goberno [en todo aquilo que sexa adaptable á Administración Local].

— O artigo 7.c) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación polo Pleno de conformidade cos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Por iso, de conformidade co establecido no artigo 175 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, o que subscribe eleva a seguinte proposta de resolución:

INFORME-PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

PRIMEIRO. Desestimar as seguintes peticións, por non terse presentado en forma, xa que se solicitou acceso ó expte por parte de Juan José Sánchez Domínguez, en representación de Troitomil Energy S.L.U. ,X.Monteagudo@capitalenergy, e non se procedeu á mellora da solicitude presentada, tal e como se lle requiriu en data 03/06/2024.

SEGUNDO. Aprobar expresamente, con carácter definitivo, a redacción final do texto da Ordenanza municipal reguladora de Protección contra a Contaminación Acústica, unha vez resoltas as peticións presentadas e incorporadas á mesma as modificacións derivadas das alegacións estimadas, nos termos en que figura no expediente.

TERCEIRO. Notificar o presente Acordo aos interesados que presentasen alegacións durante a información pública, con indicación dos recursos pertinentes.

CUARTO. Publicar o devandito Acordo definitivo co texto íntegro da Ordenanza municipal reguladora de Protección contra a Contaminación Acústica no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, entrando en vigor segundo o previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello, dirección <https://sede.concellodabana.gal>.

QUINTO. Remitir á Administración do Estado e ao Departamento correspondente da Comunidade Autónoma, no prazo de quince días desde a aprobación, copia do Acordo definitivo de aprobación e copia íntegra do texto da Ordenanza, así como copia íntegra autenticada da mesma.

SEXTO. Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente, para subscribir e asinar toda clase de documentos e en xeral para todo o relacionado con este asunto."

De conformidade co disposto no artigo 102 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, o Pleno adopta, por unanimidade dos membros de dereito da Corporación, o seguinte:

PRIMEIRO. Desestimar as seguintes peticións, por non terse presentado en forma, xa que se solicitou acceso ó expte por parte de Juan José Sánchez Domínguez, en representación de Troitomil Energy S.L.U. ,X.Monteagudo@capitalenergy, e non se procedeu á mellora da solicitude presentada, tal e como se lle requiriu en data 03/06/2024.

SEGUNDO. Aprobar expresamente, con carácter definitivo, a redacción final do texto da Ordenanza municipal reguladora de Protección contra a Contaminación Acústica, unha vez resoltas as peticións presentadas e incorporadas á mesma as modificacións derivadas das alegacións estimadas, nos termos en que figura no expediente.

TERCEIRO. Notificar o presente Acordo aos interesados que presentasen alegacións durante a información pública, con indicación dos recursos pertinentes.

CUARTO. Publicar o devandito Acordo definitivo co texto íntegro da Ordenanza municipal reguladora de Protección contra a Contaminación Acústica no *Boletín Oficial da Provincia* e taboleiro de anuncios do Concello, entrando en vigor segundo o previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello, dirección <https://sede.concellodabana.gal>.

QUINTO. Remitir á Administración do Estado e ao Departamento correspondente da Comunidade Autónoma, no prazo de quince días desde a aprobación, copia do Acordo definitivo de aprobación e copia íntegra do texto da Ordenanza, así como copia íntegra autenticada da mesma.

SEXTO. Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente, para subscribir e asinar toda clase de documentos e en xeral para todo o relacionado con este asunto."



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

ANEXO I

ORDENANZA DE PROTECCIÓN CONTRA A CONTAMINACIÓN ACÚSTICA DO CONCELLO DE A BAÑA

Preámbulo.

A protección do medio ambiente é unha preocupación social que foi recoñecida na nosa Constitución (art. 45), no que se proclama o dereito a gozar dun medio ambiente adecuado para o desenvolvemento da persoa e o deber de conservalo. O ruído e as vibracións constitúen a forma de contaminación máis característica da sociedade actual, que produce graves afeccións tanto na saúde como na calidade de vida dos cidadáns, e que non só pode conculcar o dereito constitucional a gozar dun medio ambiente adecuado, senón tamén o dereito á saúde (art. 43) e á intimidade e inviolabilidade do domicilio (art. 18).

Por todo isto, é necesaria unha normativa específica que faga compatible o dereito dos cidadáns a desenvolver as súas actividades económicas, produtivas e de ocio, co dereito que igualmente asiste a todas as persoas para gozar da intimidade e do descanso sen ser perturbadas, e dun medio ambiente axeitado.

A aplicación práctica da lexislación en materia de contaminación acústica é maioritariamente competencia dos concellos (Artigo 6 da LEI 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído), e debe ser desenvolvida a nivel local, para adecuala ás súas propias circunstancias mediante ordenanzas municipais. As competencias das entidades locais, en materia de contaminación acústica, rexeranse pola normativa básica estatal en materia de ruído, pola lexislación estatal e galega de réxime local, e polo *DECRETO 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia*.

En cumprimento do disposto polo Artigo 6 da LEI 37/2003, do 17 de novembro, do Ruido e polo Artigo 9 do *DECRETO 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia*, os concellos deberán contar cunha ordenanza sobre contaminación acústica adaptada ás disposicións desa LEI e dese DECRETO, e das súas normas de desenvolvemento.

En consecuencia, apróbase o disposto na presente Ordenanza de protección contra a contaminación acústica do Concello de A Baña, a través dos trámites previstos pola lexislación de réxime local, a efectos de dar cumprimento ao disposto no artigo 6 e concordantes da Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído; e no artigo 9 do *DECRETO 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia*.

CAPÍTULO I *Disposicións xerais*



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

Artigo 1. *Obxecto.*

1. Ten por obxecto a presente Ordenanza, regular o exercicio das competencias que en materia de protección do medio ambiente lle corresponden ao Concello de A Baña fronte á contaminación producida por ruído e vibracións, co fin de garantir o dereito á intimidade persoal e familiar, á protección da saúde, así como á calidade de vida e a un medio ambiente adecuado.

2. A presente ordenanza apróbase en virtude da competencia municipal en materia de protección de medio ambiente, de conformidade co disposto no artigo 25.2.f) da LEI 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma, en virtude do disposto na LEI 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído e o seu desenvolvemento regulamentario, composto actualmente polo REAL DECRETO 1513/2005, o REAL DECRETO 1367/2007 e a súa modificación polo REAL DECRETO 1038/2012, así como polo disposto no *DECRETO 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia.*

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. Con carácter xeral, quedan sometidas ás prescricións establecidas nesta ordenanza:

- a) Todas as actividades, comportamentos, infraestruturas locais, instalacións, medios de transporte, máquinas, aparellos, obras, vehículos e en xeral todos os emisores acústicos, públicos ou privados, individuais ou colectivos, que no seu funcionamento, uso ou exercicio xeren ruído e vibracións susceptibles de causar molestias ás persoas, danos aos bens, xerar riscos para a saúde ou o benestar, ou deteriorar a calidade do medio ambiente, na medida que excedan os niveis máximos estipulados na presente Ordenanza.
- b) As áreas públicas e as edificacións, como receptores acústicos.
- c) As actuacións relativas ao illamento acústico contra ruído e vibracións nas edificacións, incluídas as instalacións de aire acondicionado, ventilación ou refrixeración, ascensores, grupos de presión e calquera outra instalación produtora de ruidos e/ou vibracións, así como calquer elemento construtivo da mesma.
- d) Todos os elementos construtivos e ornamentais, en tanto contribúan á transmisión de ruído e/ou vibracións.

2. En particular, son de aplicación ás disposicións desta Ordenanza, entre outras, a:

- a) Actividades ruidosas producidas no interior de vivendas, como o funcionamento de aparellos electrodomésticos de calquera clase ou outro tipo de instalacións ou máquinas, o uso de instrumentos musicais, comportamento de animais, etc. susceptibles de exceder os niveis máximos de ruído e/ou vibracións estipulados na presente Ordenanza.
- b) Actividades veciñais no exterior susceptibles de producir e transmitir ruído e/ou vibracións que superen os límites establecidos.
- c) Sistemas de aviso acústico.
- d) Actividades de carga e descarga de mercadorías.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

- e) Traballos na vía pública, especialmente os relativos á reparación de calzadas e beirarrúas, cortacéspedes e outra maquinaria.
- f) Traballos de limpeza da vía pública e de recollida de residuos municipais.
- g) Medios de transporte público e privado, como a circulación de vehículos a motor, ciclomotores e motocicletas.
- h) Actividades suxeitas á lexislación vixente en materia de espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos públicos.
- i) Os espectáculos públicos e actividades recreativas que se celebren con motivo das festas patronais, locais ou análogas que teñan a súa regulación específica e contén coas preceptivas autorizacións, conforme ao Artigo 7 desta Ordenanza.

3. Exclúense das prescricións da Ordenanza:

- a) As actividades militares, que se rexerán pola súa lexislación específica.
- b) A actividade laboral, no relativo á exposición ao ruído dos traballadores, que está regulada actualmente polo *REAL DECRETO 286/2006, do 10 de marzo, sobre a protección da saúde e a seguridade dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición ao ruído.*

Artigo 3. Competencia administrativa e control do cumprimento.

1. Corresponde ao Concello de A Baña exercer o control do cumprimento da presente Ordenanza, e entre outras, delimitar as áreas acústicas, sinalar limitacións, declarar zonas tranquilas ou zonas de protección e/ou de situación acústica especial, a suspensión do cumprimento dos obxectivos de calidade acústica cando proceda, a declaración de servidumes acústicas para infraestruturas da súa competencia, ordenar as inspeccións que sexan necesarias, aplicar as sancións correspondentes en caso de incumprirse o ordenado e esixir a adopción das medidas correctoras necesarias.

2. A autoridade municipal non outorgará título habilitante de ocupación ou apertura das edificacións, instalacións, actividades ou establecementos sometidos a esta *Ordenanza* se os proxectos presentados polos interesados non se axustan ao disposto nela. Non se poderá iniciar a actividade ou poñer en funcionamento as instalacións mentres non se acredite o cumprimento da normativa sobre contaminación acústica mediante certificación da comprobación realizada mediante ensaio *in situ*, expedida por empresa ou entidade autorizada conforme ao establecido no Artigo 12 do *DECRETO 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia*, e sen prexuízo do exercicio das facultades inspectoras que correspondan ao Concello. O Concello poderá excluír da obriga de presentación desta certificación acústica a aquelas actividades de pouco impacto acústico, atendendo aos criterios establecidos no Apartado 3 do Artigo 11 do *DECRETO 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia*.

3. Nos títulos habilitantes sinalaranse as medidas correctoras e os controis que deberán cumprir as actividades, edificacións e instalacións, indicarse expresamente que o incumprimento destas pode dar lugar á revogación daqueles.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

4. Unha vez iniciada a actividade ou postas en funcionamento as instalacións, tamén poderán realizarse inspeccións para comprobar que as actividades ou instalacións cumpren coa normativa. Como consecuencia destas inspeccións, poderán incoarse os correspondentes expedientes sancionadores ou ben acordar medidas corretoras ou de control.

5. Para aquelas figuras de competencia do Concello, especialmente as referidas no punto 1 deste artigo, o procedemento que se seguirá na súa declaración, será conforme a acordo do órgano competente que, por un período non inferior a un mes, será sometido a información pública e trámite de audiencia, tras o cal resolveranse motivadamente as alegacións e procederase á declaración oficial, mediante os medios de divulgación indicados no artigo 20 da presente Ordenanza.

As modificacións e ceses que afecten a estas zonas seguirán o mesmo procedemento que a súa aprobación.

Naqueles casos nos que se proceda á suspensión do cumprimento dos obxectivos de calidade acústica ou se recorre a medidas corretoras, a autorización que se conceda expresará os aspectos determinados nun estudo acreditativo do seu impacto acústico conforme ao anexo IV desta Ordenanza, entre outros o prazo, ámbito, horarios e niveis sonoros que se prevén acadar.

6. O persoal municipal encargado das funcións de inspección terá, entre outras, as seguintes facultades:

- a) Acceder, previa identificación, ás actividades, instalacións ou ámbitos xeradores ou receptores sonoros (de ruído ou de vibracións) nos termos legalmente establecidos.
- b) Requirir a información e a documentación administrativa que autorice ás actividades e instalacións ou calquera emisor acústico obxecto de inspección.
- c) Proceder á medición, avaliación e control necesarios en orde a comprobar o cumprimento das disposicións establecidas nesta ordenanza e das condicións da autorización con que conte a actividade. Este persoal poderá ser asistido polos técnicos que fosen necesarios.

Artigo 4. Dereitos e deberes dos cidadáns en relación a esta Ordenanza

1. Todos os cidadáns teñen dereito a información pública sobre a contaminación acústica no Concello, de acordo ao disposto na normativa reguladora de protección contra a contaminación acústica e aos dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente; así como o deber de observar as normas sobre conduta, que en relación coa contaminación acústica se determinan na presente Ordenanza.

2. Os titulares das instalacións, actividades ou equipos xeradores de ruído e/ou vibracións, tanto ao aire libre como en establecementos ou locais, facilitarán aos inspectores o acceso ás instalacións ou focos de emisión de ruído e disporán o seu funcionamento na forma que lles indiquen os devanditos inspectores, podendo presenciar o proceso operativo.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

Así mesmo, os posibles afectados deberán facilitar o acceso ás súas vivendas ou locais ao obxecto de poder realizar as inspeccións e medicións que se establecen como requisito preceptivo na presente Ordenanza para a solicitude de licenza ou autorización previa de calquera clase. O Concello, se fose necesario, realizará as citacións oportunas para a práctica de devanditas inspeccións e medicións.

CAPÍTULO II **Calidade acústica**

Sección 1ª. Zonificación acústica

Artigo 5. Delimitación das áreas acústicas

1. Para os efectos do desenvolvemento do Artigo 7.2 da Lei 37/2003, do Ruido, na planificación territorial e nos instrumentos do planeamento urbanístico, tanto a nivel xeral como de desenvolvemento, incluírase a zonificación acústica do termo municipal en áreas acústicas.

As áreas acústicas clasificaranse, atendendo ao uso predominante do chan, alomenos nos tipos que se relacionan a continuación, sen perxuízo de que o Concello poida decretar novas zonas que requiran unha protección acústica determinada:

- a) Sectores do territorio con predominio de chan de uso residencial.
- b) Sectores do territorio con predominio de chan de uso industrial.
- c) Sectores do territorio con predominio de chan de uso recreativo e de espectáculos.
- d) Sectores do territorio con predominio de chan de uso terciario distinto do contemplado no parágrafo anterior.
- e) Sectores do territorio con predominio de chan de uso sanitario, docente e cultural que requira de especial protección contra a contaminación acústica.
- f) Sectores do territorio afectados a sistemas xerais de infraestruturas de transporte, ou outros equipamentos públicos que os reclamen.
- g) Espazos naturais que requiran unha especial protección contra a contaminación acústica.

Ao proceder á zonificación acústica do termo municipal, en áreas acústicas, deberase ter en conta a existencia no mesmo de zonas de servidume acústica e de reservas de son de orixe natural establecidas de acordo con as previsións da Lei 37/2003, do Ruido e do Real Decreto 1367/2007 que o desenvolve.

A delimitación territorial das áreas acústicas e a súa clasificación basearase nos usos actuais ou previstos do chan.

2. Para o establecemento e delimitación dun sector do territorio como dun tipo de área acústica determinada, teranse en conta os criterios e directrices que se describen no Anexo V do Real



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

Decreto 1367/2007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruido, no referente a zonificación acústica, obxetivos de calidade e emisións acústicas.

3. Ningún punto do territorio poderá pertencer simultaneamente a dous tipos de área acústica diferentes.

4. A zonificación do territorio en áreas acústicas debe manter a compatibilidade, a efectos de calidade acústica, entre as distintas áreas acústicas e entre estas e as zonas de servidume acústica e reservas de son de orixe natural, debendo adoptarse, no seu caso, as accións necesarias para lograr tal compatibilidade.

Se concorren, ou son admisibles, dous ou máis usos do chan para unha determinada área acústica, clasificarase esta con arranxo ao uso predominante, determinándose leste por aplicación dos criterios fixados no Apartado 1, do Anexo V do Real Decreto 1367/2007.

A delimitación da extensión xeográfica dunha área acústica estará definida gráficamente polos límites xeográficos marcados nun plano da zona a escala mínima 1/5000, ou polas coordenadas xeográficas ou UTM de todos os vértices e realizarase nun formato geocodificado de intercambio válido.

5. En tanto non se estableza a zonificación acústica do termo municipal, as áreas acústicas virán delimitadas polo uso característico da zona.

Artigo 6. Servidume acústica

1. Aos efectos da aplicación desta Ordenanza, considéranse servidumes acústicas as destinadas a conseguir a compatibilidade do funcionamento ou desenvolvemento das infraestruturas de competencia municipal, cos usos do solo, actividades, instalacións ou edificacións implantadas, ou que poidan implantarse, na zona de afección polo ruído orixinado en devanditas infraestruturas.

Quedarán gravados por servidumes acústicas os sectores do territorio afectados polo funcionamento ou desenvolvemento das mencionadas infraestruturas, así como os sectores de territorio situados na contorna de tales infraestruturas, existentes ou proxectadas.

As zonas de servidume acústica estableceríanse e incluíríanse nos instrumentos de planeamento urbanístico e nos mapas de ruído correspondentes se fora o caso.

2. As zonas de servidume acústica delimitaranse mediante a aplicación dos criterios técnicos indicados na normativa vixente. Estas zonas comprenderán o territorio delimitado pola curva de nivel do índice acústico (isófona) correspondente ao valor límite da área acústica do tipo a), "residencial", que figura na táboa A.1 do Anexo II desta Ordenanza.

Nos sectores do territorio gravados por servidumes acústicas estableceranse limitacións para



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

determinados usos do solo, actividades, instalacións ou edificacións, coa finalidade de, polo menos, cumprir os valores límite de recepción establecidos para aqueles. Revisarase a delimitación das servidumes acústicas cando se produzan modificacións substanciais nas infraestruturas, que orixinen variacións significativas dos niveis sonoros na contorna das mesmas.

3. Cando se delimite unha zona de servidume acústica nunha área urbanizada, o promotor elaborará simultaneamente o correspondente mapa de ruído e plan de acción en materia de contaminación acústica, que conterá as medidas correctoras que deban aplicarse aos emisores acústicos vinculados ao funcionamento da infraestrutura, os responsables da súa adopción, a cuantificación económica e un proxecto de financiamento.

O Concello informará cando se delimite unha zona de servidume acústica. Igualmente informará da elaboración do correspondente mapa de ruído e plan de acción en materia de contaminación acústica. As revisións das zonas de servidume por adopción de medidas correctoras que supoñan a diminución dos niveis sonoros na contorna da infraestrutura ou por modificacións substanciais na infraestrutura terán tamén información pública.

Artigo 7. Zonas de protección acústica especial e de situación acústica especial

1. As áreas acústicas nas que se incumpran os obxectivos de calidade acústica, serán declaradas polo Concello como zonas de protección acústica especial, coa finalidade de reducir eses niveis ata acadar os obxectivos de calidade acústica propios da zona en cuestión.

2. O procedemento que se seguirá para a declaración destas zonas será o indicado no artigo 3.5 desta Ordenanza.

3. Unha vez declarada a zona de Protección Acústica Especial elaborárase un plan zonal específico que recolla as medidas correctoras a aplicar para a mellora acústica da zona, ata acadar os obxectivos de calidade acústica que lle sexan de aplicación.

O plan zonal específico conterá, ademais das medidas correctoras a aplicar aos emisores acústicos e ás vías de propagación, os responsables da súa aplicación, cuantificación económica e proxecto de financiamento.

Entre as medidas correctoras que poderán conter os plans zonais específicos están: instalación de barreiras acústicas, illamentos de fachadas, aplicar restricións horarias e/ou de emisións para obras na vía pública ou en edificacións, para vehículos a motor, para actividades ou outros emisores acústicos concretos, actuacións sobre as vías de propagación (como o firme de estradas), fomento da información ambiental aos cidadáns ou calquera outra medida similar que favoreza unha redución dos niveis de ruído.

Nestas zonas, o Concello non permitirá que aquelas actividades pertencentes a tipos cuxa prohibición ou limitación estivera incluída no réxime de Zona de Protección Acústica Especial e



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

que levaran máis de 6 meses pechadas, reinicien a súa actividade.

4. Dado o caso de que as medidas correctoras aplicadas non foran eficaces para o cumprimento dos mencionados obxectivos de calidade acústica, despois de 3 anos de aplicación, se declarará a área como zona de situación acústica especial.

Neste caso aplicaranse novas medidas correctoras coa finalidade particular do cumprimento dos obxectivos de calidade acústica no espazo interior.

5. O plan de acción derivado do mapa de ruído correspondente ás zonas indicadas neste artigo e conforme ao artigo 21 desta Ordenanza, incluírá, nestes casos, os plans zonais específicos que se determinen.

Artigo 8. Suspensión temporal do cumprimento dos límites de contaminación acústica

1. De conformidade co disposto no Artigo 9 da *LEI 37/2003, do 17 de novembro, do Ruido*; así como no Artigo 7 do *DECRETO 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia*; con motivo da organización de actos de especial proxección oficial, cultural, relixiosa ou de natureza análoga, o Concello poderá autorizar, en determinadas áreas acústicas e logo da valoración da incidencia acústica en función do estudo acústico requerido, a suspensión temporal do cumprimento dos valores límite de inmisión acústica que sexan de aplicación a aquelas, reflectidos nas Táboas B1a, B1b, B1c, B2a, B2b e B2c do Anexo II desta Ordenanza, e nos termos indicados neste artigo.

2. A suspensión dos valores límite de inmisión acústica non poderá ser acordada en sectores do territorio con predominio de solo de uso sanitario.

3. O disposto neste artigo enténdese sen prexuízo da posibilidade de sobrepasar ocasional e temporalmente os valores límite de inmisión acústica, sen necesidade de autorización, cando sexa necesario en situacións de emerxencia ou como consecuencia da prestación de servizos de prevención e extinción de incendios, sanitarios, de seguridade ou outros de natureza análoga aos anteriores. Quedarían tamén incluídas neste apartado as celebracións tradicionais, con motivo das festas patronais e parroquiais arraigadas no Concello, sen prexuízo de que o Concello poida establecer medidas de protección acústica excepcionais con motivo da constatación de molestias excesivas á vecindade.

4. Facer tamén mención especial ás tarefas agrícolas, forestáis e de xardinería que se realizan de forma puntal e estacional. Ditas tarefas poderían sobrepasar ocasional e temporalmente os valores límite de inmisión acústica e no deben realizarse, de forma xeral, en horario nocturno, salvo aquelas debidamente xustificadas e autorizadas. O Concello ten a potestade de limitar ditas tarefas e establecer todas cantas medidas correctoras que fosen necesarias en caso de constatar reiteradas molestias á vecindade. En todo caso a maquinaria utilizada cumprirá co disposto no apartado 3 do Artigo 13 da presente Ordenanza.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

5. A solicitude de suspensión do cumprimento dos valores límite de inmisión acústica deberá formularse ante o Concello, cunha antelación mínima de 45 días hábiles respecto á data de celebración do evento. Dita solicitude deberá incluír o estudo acústico correspondente, incluíndo:

1. Xustificación de que o evento que se pretende realizar encádrase na tipoloxía establecida de actos de especial proxección oficial, cultural, relixiosa ou de natureza análoga.
2. Focos emisores previstos e niveis de ruído emitido por cada foco.
3. Medidas correctoras propostas para reducir ao máximo a contaminación acústica.
4. Horarios do evento que se pretende realizar.
5. Niveis máximos de contaminación acústica estimados nos receptores máis afectados.

6. Sen prexuízo doutras autorizacións, comunicacións ou trámites requiridos pola normativa aplicable, a suspensión do cumprimento dos valores límite de inmisión acústica deberá ser acordada, en particular, con carácter previo á celebración de calquera evento ou espectáculo público ou privado, que se celebren ao aire libre ou en recintos, que non dispoñan de medidas de illamento aptas para garantir o cumprimento de ditos obxectivos de calidade acústica. Naquelas solicitudes que sexa de aplicación, cumprírase ademais co establecido na *LEI 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia*, ou substitutiva, e os seus regulamentos de desenvolvemento.

7. A resolución municipal que acorde a suspensión deberá incluír a referencia da normativa sobre contaminación acústica aplicable; a delimitación do espazo ou recinto onde terá lugar o acto, que terá a consideración de foco sonoro; a determinación das persoas responsables da actividade; os límites horarios para a súa celebración; os niveis de ruído L_{Aeq} máximos permitidos, así coma calquera outra limitación, medida de protección necesaria ou característica relevante, incluíndo a obrigatoria instalación de aparellos de control permanente de ruído (limitadores de son) cando esté prevista a utilización de equipos de reprodución de son ou audiovisuais.

8. Como norma xeral, coa excepción da celebración de actos de especial proxección oficial, cultural, relixiosa ou de natureza análoga e outros debidamente xustificadas que poderán ampliarse a outras franxas horarias, as autorizacións temporais da suspensión do cumprimento dos valores límite de inmisión acústica concederanse unicamente no período horario comprendido entre as 12:00 e as 23:00 h.

9. Na concesión das autorizacións, esixírase en todo caso o cumprimento dos seguintes niveis máximos de ruído:

- $L_{eq,A,5s} \leq 95$ dBA, medido no exterior a 5 metros dos altosfalantes ou focos de ruído, na posición máis desfavorable e en períodos de integración de 5 segundos.
- $L_{eq,A,5s} \leq 80$ dBA, medido no exterior a 3 metros fronte ás fachadas das edificacións máis afectadas na posición máis desfavorable e en períodos de integración de 5 segundos.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

- En determinadas situacións, debidamente xustificadas, cando os emisores de ruído se atopan a máis de 200 m de edificacións ou zonas sensibles á contaminación acústica, poderanse autorizar niveis de emisión sonora de $L_{eq,A,5s}$ superiores a 95 dBA a 5 metros dos altosfalantes, sempre e cando non se superen os niveis esixidos a 3 metros fronte as fachadas das edificacións máis afectadas.
- Para o caso das autorizacións excepcionais de celebración de actos na franxa horaria comprendida entre as 23:00 e as 12:00 h, estes niveis máximos veranse reducidos en 10 dBA.

Sección 2ª. Índices acústicos

Artigo 9. Índices acústicos e aplicación

1. A efectos do desenvolvemento da presente Ordenanza sobre Contaminación Acústica establécense os índices acústicos do Anexo I, para a avaliación do ruído e das vibracións, na verificación do cumprimento dos obxectivos de calidade acústica aplicables ás áreas acústicas e ao espazo interior dos edificios, así como para a avaliación dos niveis sonoros producidos e transmitidos polas infraestruturas, actividades, instalacións e comportamentos, na delimitación das servidumes acústicas e na verificación do cumprimento dos valores límite para os emisores acústicos, que se mostran no Anexo II desta Ordenanza.

2. A produción de ruído e vibracións na vía pública, nas zonas de pública concorrencia ou no interior dos edificios, non poderá superar, tanto no períodos de día, tarde ou noite, os límites establecidos nesta norma para garantir unha correcta convivencia cidadá.

Artigo 10. Métodos de avaliación acústica e persoal autorizado

1. A avaliación acústica lévase a cabo segundo os procedementos de cálculo e medición dos índices acústicos tal e como se reflicte no Anexo I, en consonancia coa normativa estatal de referencia ou norma que a modifique ou substitúa en materia de contaminación acústica.

2. Aparte das tarefas de inspección recollidas no artigo 3.3 da presente Ordenanza, aquelas outras tarefas de avaliación acústica necesarias para o cumprimento desta Ordenanza poderán ser realizadas, a requirimento do Concello, ademais de polos técnicos municipais designados e axentes da Policía Local, por persoal de entidades públicas ou por entidades privadas en función de asistencia técnica ao Concello, coa capacitación técnica esixida polos artigos 10 ou 12 do *DECRETO 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia*, segundo corresponda.

3. Este Concello, a efectos informativos ou de observación, poderá dotarse dunha rede de ruído, con equipos localizados en varios puntos das diferentes áreas acústicas ou zonas singulares coas que zonifique o seu territorio.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

Sección 3ª. *Obxectivos de calidade*

Artigo 11. *Obxectivos de calidade acústica aplicables a áreas acústicas*

1. Os obxectivos de calidade acústica para ruído en espazo exterior son os establecidos na táboa A do Anexo II.1 desta Ordenanza para áreas urbanizadas existentes, e diminuído en 5 dB para o resto.

2. A efectos de cumprimento dos obxectivos de calidade considerarase que se respectan os obxectivos de calidade acústica para ruído cando, para cada un dos índices de recepción de ruído, L_d , L_e , ou L_n , os valores avaliados conforme aos procedementos establecidos no anexo I, cumpren, no período dun ano, que:

- a) Ningún valor supera os valores fixados na Táboa A do Anexo II.1 desta Ordenanza.
- b) O 97 % de todos os valores diarios non superan en 3 dB os valores fixados na Táboa A do Anexo II.1 desta Ordenanza.

Artigo 12. *Obxectivos de calidade acústica aplicables ao espazo interior*

1. Os obxectivos de calidade acústica para ruído e para vibracións en espazo interior son os establecidos nas Táboas B e C do Anexo II.1 desta Ordenanza.

2. A efectos de cumprimento dos obxectivos de calidade considerarase que, para:

a) Ruído: se respectan os obxectivos de calidade acústica cando para cada un dos índices de recepción de ruído, L_d , L_e , ou L_n , avaliados conforme aos procedementos establecidos no Anexo I, no período dun ano, se:

- i) Ningún valor medio anual supera os valores fixados na Táboa B do Anexo II.1 desta Ordenanza.
- ii) O 97 % de todos os valores diarios non superan en 3 dB os valores fixados na Táboa B do Anexo II.1 desta Ordenanza.

b) Vibracións: se respectan os obxectivos de calidade acústica cando para o índice de vibracións L_{aw} , avaliados conforme aos procedementos establecidos no Anexo I, se:

- i) No período nocturno ningún valor supera os valores fixados na Táboa C do Anexo II.1 desta ordenanza.
- ii) En ningún caso se supera en 5 dB os valores mostrados na Táboa C do Anexo II.1.
- iii) Para vibracións estacionarias en ningún caso se superan os valores fixados na Táboa C do Anexo II.1.
- iv) Para vibracións transitorias o conxunto de superacións permitidas non debe ser maior de 9.

A estes efectos cada evento cuxo exceso non supere os 3 dB será contabilizado como 1, e se os supera como 3.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

3. Os obxectivos de calidade acústica en espazo interior complementaranse coas obrigas fixadas para edificacións na lexislación vixente: tanto no artigo 17.2 do Real Decreto 1367/2007, do 19 de outubro, como no artigo 10 do *DECRETO 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia* e no artigo 15 desta Ordenanza.

Sección 4ª. *Emisores acústicos e valores límite*

Artigo 13. Valores límite de recepción para todo tipo de emisor

1. Os valores límite de recepción por transmisión ao medio ambiente exterior de emisións de ruído de novas infraestruturas viarias son os establecidos nas táboas A1 e A2 do Anexo II.2 desta Ordenanza.

Os valores límite de recepción por transmisión ao medio ambiente exterior de emisións de ruído de novas instalacións, establecementos, infraestruturas e actividades, industrial, comercial, de almacenamento, deportiva, recreativa, de lecer ou similares, son os establecidos nas táboas B.1.a, B.1.b e B.1.c. do Anexo II.2 desta Ordenanza.

2. En todo caso, os valores mostrados na táboas B e C do Anexo II.1 terán a consideración de valores límite de recepción para interior, sen prexuízo doutros casos particulares que se indican neste artigo.

Os valores límite de recepción por transmisión a locais lindeiros de emisións de ruído de instalacións, establecementos, actividades industrial, comercial, de almacenamento, deportiva, recreativa, de lecer ou similar, son os establecidos na táboa B.2.a, B.2.b e B.2.c do Anexo II.2 desta Ordenanza.

3. Considerarase que se cumpren os valores límite de recepción de ruído cando, para cada un dos índices de recepción de ruído, avaliados conforme aos procedementos establecidos no Anexo I, para:

a) Infraestruturas viarias, ferroviarias e aeroportuarias:

i) Ningún valor medio anual supera os valores fixados na táboa A1 do Anexo II.2.

ii) Ningún valor diario supera en 3 dB os valores fixados na táboa A1 do Anexo II.2.

iii) O 97 % de todos os valores diarios non superan os valores fixados na táboa A1 do

Anexo II.2.

b) Infraestruturas (non viarias, ferroviarias e aeroportuarias), actividades, instalacións ou outros focos emisores:

i) Ningún valor medio anual supera os valores fixados nas táboas B.1.a e B.2.a do Anexo II.

ii) Ningún valor diario supera os valores fixados nas táboas B.1.b e B.2.b.

iii) Ningún valor $L_{K_{eq,Ti}}$ supera os valores fixados nas táboas B.1.c e B.2.c.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

En todo caso, a efectos de valores límite de recepción, para ruído transmitido a espazo interior non lindeiro polo conxunto de todos os emisores acústicos cumprírase tamén co establecido no artigo 11 desta Ordenanza.

4. A efectos de inspección de actividades en funcionamento considerarase que se respectan os valores límite de recepción de ruído cando se cumpren os apartados b.ii) e b.iii) do punto 3 deste artigo.

5. Os valores límite de recepción de vibracións coincidirán en todo caso cos obxectivos de calidade, segundo o artigo 11 desta Ordenanza.

6. O disposto neste artigo aplicarase unicamente fóra das zonas de servidume acústica e para toda infraestrutura e actividade, tanto nova como en funcionamento.

7. Sen prexuízo do indicado neste artigo, en determinados casos particulares completárase a protección do medio ambiente fronte á contaminación acústica co indicado no resto de artigos desta Ordenanza.

Artigo 14. Emisores acústicos específicos

1. O valor límite de emisión sonora dos vehículos de motor e ciclomotores en circulación será o correspondente a sumar 4 dB ao nivel de emisión indicado na homologación do mesmo, avaliado co vehículo parado segundo o procedemento e conforme á regulamentación. En caso de non aparecer entre as características do vehículo o nivel de emisión sonora, o valor límite será 91 dB para ciclomotores, e para o resto de vehículos será o valor de emisión obtido seguindo o procedemento establecido na lexislación vixente incrementado en 4 dB, cando a inspección técnica ditamine o correcto estado do vehículo.

Os vehículos de motor destinados a servizos de urxencias disporán dun mecanismo de regulación da intensidade sonora dos dispositivos acústicos que a reduza a uns niveis máximos de 90 dB medidos a tres metros de distancia e na dirección de máxima emisión.

O Concello valorará especialmente nas cláusulas administrativas os vehículos de transporte público que posúan uns valores de emisión sonora baixos.

Os vehículos de motor non permanecerán en ningún caso parados co motor acendido sen condutor no seu posto ou un tempo superior a dous minutos.

2. As embarcacións de recreo seguirán as indicacións da normativa específica vixente de requisitos de seguridade e de emisións.

3. A maquinaria utilizada en actividades ao aire libre en xeral, nas obras públicas e na construción



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

en particular, e a maquinaria agrícola e/ou forestal, debe axustarse ás prescricións establecidas na lexislación vixente propia referente a emisións sonoras no exterior, regulada actualmente polo Real Decreto 212/2002 e Real Decreto 524/2006.

De xeito xeral, as obras de construción, tanto na vía pública coma nas edificacións públicas ou privadas, para aqueles traballos que excedan os niveis máximos de contaminación acústica establecidos nas Táboas B1c e B2c do Anexo II.2 desta Ordenanza, levaranse a cabo unicamente de luns a venres e no período comprendido entre as 09:00 e as 21:00 h, exceptuando as obras urxentes por necesidade inmediata ou de servizo público ou perigo, sen prexuízo de que o Concello poida esixir aos responsables medidas excepcionais de protección acústica pola excesiva molestia que se puidese producir.

4. As actividades de carga e descarga de mercadorías, caixas, contedores, materiais de construción e obxectos similares na vía pública realizaranse preferentemente no período comprendido entre as 09:00 e as 21:00 h. Se a actividade se realiza en horario nocturno ou se superan os límites establecidos nesta Ordenanza, é necesaria autorización municipal expresa, previa xustificación.

5. O Concello promoverá que os servizos de limpeza e/ou recollida de lixo actúen preferentemente durante os períodos diúrno e vespertino, no período comprendido entre as 07:00 e as 23:00 h. En todo caso, e especialmente no horario nocturno, adoptaranse as medidas necesarias para a redución do impacto sonoro, sempre dentro dos valores legais, que se aportarán nos pregos das cláusulas administrativas correspondentes, tanto para os vehículos coma para a actividade. O Concello valorará especialmente nas cláusulas administrativas as actividades de limpeza e de recollida de lixo cuxos vehículos e maquinaria posúan uns valores de emisión sonora baixos.

Artigo 15. *Comportamentos cidadáns e alarmas*

Con independencia de cuestións de orde pública:

1. A produción de ruído e vibracións que supoña unha superación dos límites que esixe a presente Ordenanza non terán a consideración de comportamentos veciñais tolerables.

As actitudes de: berros, golpes, portazos, festas, bailes, cantos, traballos, reparacións, movemento de mobiliario, ruído de animais, utilización de bucinas ou de instrumentos musicais, e outras de similar natureza, superando os valores límite que establece a lexislación, son incompatibles co respecto desta Ordenanza. Considéranse especialmente gravosos os citados comportamentos cando teñan lugar en período nocturno.

Para a aplicación deste punto do presente artigo os valores límite de recepción a considerar serán iguais aos indicados no artigo 12 desta Ordenanza.

2. Prohíbese, con carácter xeral, o emprego en espazos públicos de todo dispositivo sonoro con



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

fins de alarma, propaganda, reclamo, aviso, distracción e análogos, cuxas condicións de funcionamento produzan molestias. Esta prohibición non rexerá nos casos de urxencia ou de tradicional consenso e poderá ser dispensada por razóns de interese xeral ou de especial significación cidadá. Dita dispensa deberá ser explicitada na autorización municipal.

En todo caso os titulares destes dispositivos porán en coñecemento do Concello a existencia dos mesmos para a súa interrupción en caso necesario (as alarmas estarán conectadas a unha central), o que non lles eximirá da correspondente sanción.

A actividade dos mesmos soamente se acepta para os casos establecidos como avisos, tentativas de roubo ou similares, ou outros casos xustificadas como se indica no paragrafo anterior, nos instantes posteriores á instalación e comprobacións periódicas do funcionamento dos mesmos (cun máximo dunha vez cada tres meses e en período diúrno), e todo elo durante un tempo total de funcionamento (incluídas as paradas) non superior a 10 minutos, tras o cal o sistema de aviso será luminoso. Os valores que se acaden non superarán os 85 dBA medidos a 3 metros de distancia en dirección de máxima emisión. O tempo de emisión continuado será dun máximo de 30 segundos e similar ao das paradas.

Os dispositivos de alarma instalados, no ámbito da seguridade privada, cumprirán o establecido na *Orde INT/316/2011, do 1 de febreiro, sobre funcionamento dos sistemas de alarma no ámbito de la seguridade privada (B.O.E. Nº 42 de 18/02/2011)*.

Sección 5ª. Edificacións, industria e actividades públicas

Artigo 16. Edificacións

1. Para os efectos da aplicación desta Ordenanza, considéranse edificacións as construcións dentro do ámbito de aplicación que establece o documento básico "DB-HR Protección fronte ao ruído" do Código Técnico da Edificación, aprobado mediante Real Decreto 1371/2007, do 19 de outubro. A todos os efectos aplicará este Real Decreto a novas edificacións, que son aquelas con licenza municipal solicitada posteriormente ao 24 de abril de 2009. Igualmente aplicará sobre as modificacións ou reformas para as edificacións con dita solicitude anterior a esa data. No resto de casos poderán optar por satisfacer as condicións acústicas establecidas na NBE CA-88 publicadas na Orde do 29 de setembro de 1988.

Se houbera modificacións posteriores ao Real Decreto 1371/2007, aplicaranse aos proxectos que corresponda segundo a data de entrada en vigor da modificación e a data de solicitude de licenza municipal correspondente.

2. Unha edificación é conforme ás esixencias acústicas derivadas da aplicación dos obxectivos de calidade acústica ao espazo interior das edificacións e os valores límite de actividades cando ao aplicar o sistema de verificación acústica cumprense as esixencias acústicas básicas e métodos impostos polo Código Técnico da Edificación "DB-HR Protección fronte ao ruído", aprobado



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

mediante o Real Decreto 1371/2007, do 19 de outubro, norma que o modifique ou substitúa, ou polo NBE CA-88, segundo corresponda.

3. En cumprimento co establecido pola lexislación vixente coa correspondente certificación de fin de obra achegárase certificación das condicións acústicas, realizada mediante ensaios *in situ*, acreditativa do cumprimento das prescricións establecidas neste artigo segundo os artigos 10 e 12 do *DECRETO 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia* para a concesión de licenza de primeira ocupación.

4. A fin de obter unha homoxeneidade dos ensaios, establécese un plan de mostraxe en edificios de vivendas para estandariza-los ensaios a realizar, descrito na norma UNE-ISO 2859-1:2012 e denominado como **Nivel xeral de inspección I:**

Nivel xeral de inspección I

Tamaño do lote (N.º de vivendas totais do edificio)	Tamaño da mostra (N.º de vivendas totais a inspeccionar)	Criterio de aceptación
2 a 15	2	0 defectos
16 a 25	3	0 defectos
26 a 90	5	0 defectos
91 a 150	8	0 defectos
151 a 280	13	0 defectos

Para cada unha das vivendas que corresponda inspeccionar, realizarase 1 ensaio de cada tipo de elemento construtivo. No caso de vivendas unifamiliares, exisirase únicamente a certificación do illamento acústico das fachadas (dúas fachadas de recintos protexidos coa tipoloxía máis desfavorable para estimar o peor caso).

5. A certificación acústica incluírá a medición dos niveis de ruído transmitidos aos recintos das vivendas máis desfavorables polas instalacións de ventilación, climatización, calefacción e produción de auga quente, ascensores e calquera outra susceptible de producir ruído, debendo cumprir cos valores límite indicados no artigo 12.3.b)iii) desta Ordenanza.

A certificación acústica, realizada sempre a partires de medicións *in situ*, so poderá realizarse por empresas ou entidades que cumpran os criterios establecidos no Artigo 12 do *DECRETO 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia* ou substitutivo.

Artigo 17. Industrias

A produción e transmisión de ruído e vibracións orixinados nas actividades industriais, axustaranse ao establecido nesta Ordenanza. Quedando ademais sometidas aos condicionantes que regule a normativa estatal básica e autonómica, de protección ambiental, para aquelas que estean obrigadas por un procedemento de avaliación de impacto ambiental. Dito procedemento incluírá un estudo acreditativo do seu impacto acústico conforme ao anexo IV desta Ordenanza e



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

esixirá o cumprimento das medidas correctoras que se diten.

Artigo 18. Actividades, recintos e establecementos de ocio, públicos ou de similar concurrencia e funcionalidade

1. Todas as actividades deberán encadrarse e definirse necesariamente nalgún dos grupos que clasifica esta Ordenanza no seu anexo III, co seu correspondente illamento acústico, con independencia do que lle faculte a súa epígrafe fiscal.

2. A produción e transmisión de ruído e vibracións orixinados nas actividades axustaranse ao establecido nesta Ordenanza e no artigo 11 do *DECRETO 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia*. Os titulares desas actividades deberán adoptar as medidas de insonorización das fontes sonoras e de illamento acústico dos locais para cumprir cos valores límite de recepción e transmisión de ruído e vibracións marcados nesta Ordenanza. Quedando ademais sometidas aos condicionantes que regule a normativa estatal básica e autonómica, de incidencia e protección ambiental, para aquelas que estean obrigadas por un procedemento de avaliación de impacto ambiental ou de avaliación de incidencia ambiental. Dito procedemento incluírá un estudo acreditativo do seu impacto acústico conforme ao anexo IV desta Ordenanza e esixirá o cumprimento das medidas correctoras que se diten.

3. Para establecementos abertos ao público con terraza, os titulares coidarán do mantemento da orde nas terrazas, debendo solicitar a actuación do Concello en caso de alteración ou molestia para a veciñanza. En ningún caso producirán e transmitirán ruído que supere os valores que figuran no anexo II desta Ordenanza.

CAPÍTULO III

Prevención e corrección da contaminación acústica

Sección 1ª. Prevención da Contaminación Acústica

Artigo 19. Illamento Acústico

1. Cando o local público ou industria no que se desenvolvan actividades produza uns niveis de ruído superiores aos permitidos, considerarase responsable das molestias ao titular, séndolle de aplicación o réxime sancionador previsto nesta Ordenanza.

2. Para garantir a adecuada e eficaz defensa da saúde das persoas e do medio ambiente, o Concello esixiralle aos titulares das actividades que estén obrigadas, segundo o disposto no Artigo 3.2 desta Ordenanza, unha certificación das prestacións acústicas da actividade, elaborada a partires de ensaios *in situ*, que constate o cumprimento dos niveis mínimos esixibles en función da actividade inspeccionada, indicados no Anexo III desta Ordenanza, composta de:



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

- Certificación do illamento acústico a ruído aéreo entre a actividade e as vivendas lindeiras ou máis próximas co local, definido polos parámetros $D_{nT,A,100-5000}$ Hz (dBA) e $D_{nT,125}$ Hz (dB).
- Certificación do illamento acústico a ruído aéreo da fachada ou fachadas da actividade molesta, definido polo parámetro $D_{2m,nT,A,100-5000}$ Hz (dBA), esixible de forma ordinaria para aquelas actividades ubicadas nas áreas acústica tipificadas como “a” ou “e”, definidas no Artigo 7 da Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído.
- Certificación do nivel de ruído de impactos normalizados entre a actividade e as vivendas lindeiras ou máis próximas, definido polo parámetro $L'_{nT,A,100-5000}$ Hz (dBA)
- Certificación dos niveis de ruído transmitidos polos focos emisores de ruído existentes actividade, tanto ao ambiente exterior coma ao interior dos recintos lindeiros ou máis próximos, considerando os caso máis desfavorables, definido polo parámetro $L_{K,eq}$ (dB).
- Certificación do tempo de reverberación na zona de público do interior da actividade, para aquelas actividades que sexa esixible, definido polo parámetro $T_{500-2000}$ Hz (s).

Nos casos nos que a actividade non sexa colindante con vivendas pero si con recintos protexidos non residenciais, considerando recintos protexidos os que establece o Código Técnico da Edificación no Documento Básico de Protección fronte ao Ruído “DB-HR”, os illamentos acústicos a cumprir pola actividade serán os establecidos polo DB-HR para recintos de actividade entre recintos protexidos para os casos nos que actividade non supere os niveis de emisión sonora interna de 80 dBA, en caso de superar dito nivel incrementaranse as esixencias de illamento acústico do DB-HR, tanto para ruído aéreo coma para ruído de impactos, na mesma proporción que se excedan os 80 dBA de nivel de emisión interna na actividade.

A certificación acústica, realizada sempre a partir de medicións *in situ*, so poderá realizarse por empresas ou entidades que cumpran os criterios establecidos no Artigo 12 do *DECRETO 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia* ou substitutivo.

3. Unha vez iniciada a actividade ou postas en funcionamento as instalacións, poderán realizarse inspeccións para comprobar que as actividades ou instalacións cumpren a normativa.

4. Os comportamentos cidadáns referidos no artigo 14 desta Ordenanza, respectando o alí disposto para cumprimento de valores límite, sen prexuízo das sancións correspondentes, poden supoñer, en caso reiterado, a obriga de acometer un illamento acústico como segundo o indicado nesta Ordenanza para actividades.

Artigo 20. Acondicionamento de actividades, establecementos e locais

1. Co fin de evitar a transmisión sonora directamente ao exterior, nos establecementos nos que se instale algún equipo de reprodución musical ou audiovisual de emisión superior a 80 dBA, será obrigatoria a instalación dunha dobre porta. As portas que conforman o vestíbulo deberán permanecer constantemente pechadas, agás durante a entrada e saída de persoas. En calquera tipo de actividade molesta, as portas, salvo para entrada e saída de persoas, e fiestras do local



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

deben permanecer pechadas.

2. Aquelas actividades que dispoñan de equipos de reprodución de son ou audiovisuais, estarán obrigadas a instalar aparellos de control permanente de ruído (limitadores de son), deseñados para garantir o cumprimento dos límites máximos permitidos de emisión e recepción sonora en función da actividade e do seu illamento acústico. As características destes equipos seguirán o indicado no Anexo I. E) desta Ordenanza.

Sección 2ª. Protección e corrección da calidade acústica

Artigo 21. Actuacións e información sobre protección da calidade acústica

1. O Concello porá a disposición dos cidadáns toda a información relativa a contaminación acústica. Para elo servirase daqueles medios de divulgación oportunos: taboleiro de Editos do Concello, Boletín Oficial da Provincia e páxina electrónica do Concello.

2. Terá carácter de información pública:

- A zonificación acústica do concello, incluídas as zonas acústicas singulares (reservas de sons de orixe natural, zonas tranquilas en campo aberto e/ou en aglomeracións, zonas de protección e/ou situación acústica especial).
- Os mapas de ruído e os plans de acción, incluídas as medidas correctoras derivadas da súa aplicación.
- Aqueles supostos que, por razóns excepcionais de interese público, o Concello concedera a suspensión dos obxectivos de calidade ou licenza de construción de edificacións que, cumprindo os obxectivos de calidade acústica en espazo interior, non se cumplan na área, incluída a previa motivación e as medidas correctivas correspondentes.

3. Igualmente indicarse no taboleiro de Editos e na páxina electrónica do concello:

- Os traballos en vía pública (destacando especialmente aqueles que sexan realizados en horario nocturno).
- A autorización municipal, así como a preceptiva xustificación técnica sobre as actividades e horarios daquelas actividades de carga e descarga aceptadas fóra dos supostos recomendados no artigo 13 desta Ordenanza.
- As rutas e horarios dos servizos de limpeza e de recollida de lixo.

4. En conformidade co artigo 4.2 do *DECRETO 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia* o Concello porá a disposición da consellería competente en materia de medio ambiente a información alí sinalada nos prazos que se estipulan.

Artigo 22. Medidas de protección: mapas de ruído, plans de acción e outras actuacións



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

1. Corresponde ao Concello a elaboración e aprobación dos mapas de ruído do termo municipal, tanto os estratéxicos como os das áreas acústicas nas que se comprobe o incumprimento dos obxectivos de calidade acústica, se fose procedente conforme ao establecido na Ley 37/2003, do Ruído e o seu desenvolvemento reglamentario, así como os plans de acción derivados. Ditos mapas e plans serán aprobados, previo trámite de información pública por un período mínimo dun mes.

O Concello os revisará, e no seu caso modificará, polo menos cada cinco anos a partir da data da súa aprobación.

Os índices acústicos e os requisitos mínimos específicos para a elaboración dos mesmos son os establecidos pola normativa vixente.

2. O Concello procederá a limitar o tráfico rodado tanto en determinadas zonas ou por vehículos, se se comproba que os valores de ruído acadados pola densidade de tráfico ou emisións acústicas dos vehículos superan os marcados nesta normativa.

Sección 3ª. Potestade inspectora e sancionadora

Artigo 23. Inspección

1. Os funcionarios que realicen labores de inspección en materia de contaminación acústica terán o carácter de axentes da autoridade, aos efectos previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e poderán acceder a calquera lugar, instalación ou dependencia, de titularidade pública ou privada. No suposto de entradas domiciliarias requirirase o previo consentimento do titular ou resolución xudicial.

2. Os titulares dos emisores acústicos regulados por esta lei están obrigados a prestar ás autoridades competentes toda a colaboración que sexa necesaria, a fin de permitirles realizar os exames, controis, medicións e labores de recollida de información que sexan pertinentes para o desempeño da súas funcións.

3. As inspeccións poderán levarse a cabo de oficio ou a instancia de parte; faranse preferentemente no instante da denuncia, dentro das posibilidades dos avaliadores, e en todo caso o Concello atenderá as denuncias presentadas por posible afección debida a contaminación acústica nun prazo non superior a un mes.

As actas de inspección, denuncias e informes técnicos correspondentes, serán firmadas polo funcionario, gozarán de presunción de veracidade e valor probatorio dos feitos, sen prexuízo doutras probas que os interesados puideran aportar. Unha vez formalizadas as actas entregarase copia aos afectados. Nas actas os inspectores recollerán toda a información que consideren relevante para a tramitación das mesmas, entre elas: feitos, horario, actividades, identificación de



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

persoal e niveis sonoros.

Artigo 24. *Infraccións e sancións*

1. As posibles infraccións administrativas relacionadas coa contaminación acústica se clasifican en leves, graves e moi graves. Sendo:

a) Infraccións leves:

- Superar ata en 3 dB os límites sonoros establecidos para ruído ou vibracións.
- Non comunicar ao Concello a documentación requirida nos prazos indicados.
- Utilizar alarmas ou sirenas sen que se dean circunstancias de urxencia ou perigo, ou sen estar autorizado para a súa posesión.
- Calquera outra por incumprimento dalgunha obriga recollida nesta normativa cando non estea tipificada como grave ou moi grave.

b) Infraccións graves:

- Superar en máis de 3 e ata en 6 dB os límites sonoros establecidos para ruído ou vibracións.
- O incumprimento das condicións establecidas en calquera figura de intervención administrativa, especialmente nesta Ordenanza, no exercicio das actividades.
- O incumprimento dos requisitos de illamento acústico de protección de edificacións e actividades fronte ao ruído.
- A ocultación, falseamento ou alteración de datos, informes ou certificacións aportados aos expedientes administrativos encamiñados á obtención de autorizacións ou licenzas relacionadas co exercicio das actividades reguladas nesta Ordenanza.
- A non comparecencia, sen causa xustificada e debidamente acreditada, ás citacións dos servizos municipais ante medicións acústicas, ou o impedimento, retraso, obstrución ou negativa a colaboración na actividade inspectora ou de control da Administración.
- A non adopción de medidas correctoras requiridas ou propostas polo Concello ante un caso de superación dos valores límite ou obxectivos de calidade.
- Realizar actividades musicais, de maquinaria ou de carga e descarga na vía pública, superando os límites establecidos fóra do horario establecido.
- A reiteración na comisión dunha mesma infracción leve ou a comisión de dúas infraccións leves distintas no período dun ano.
- A produción de contaminación acústica por enriba dos valores límite establecidos nas zonas de protección acústica especial ou nas zonas de situación acústica especial.

c) Infraccións moi graves:

- Superar en máis de 6 dB os límites sonoros establecidos para ruído ou vibracións.
- A superación dos valores límite aplicables, cando supuxeran un dano ou deterioro para o medio ambiente, ou puxeran en perigo a seguridade ou saúde das persoas.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

- O non cumprimento das obrigas derivadas da adopción de medidas provisionais fronte a infraccións que xeren un procedemento sancionador, como son o precintado de equipos, aparatos ou vehículos, clausura de instalacións, suspensión de licenzas ou outras figuras administrativas, ou adopción de medidas de corrección.
- A reiteración na comisión dunha mesma infracción grave nun período dun ano, ou a comisión de tres infraccións leves ou de dous graves distintas nese período.

2. As sancións derivadas da comisión das infraccións anteriormente expostas, atendendo ás circunstancias particulares de cada caso, serán:

- a) No caso de infraccións leves: multas desde 100 ata 600 euros.
- b) No caso de infraccións graves: multas desde 601 ata 12000 euros; suspensión das licenzas ou autorizacións preceptivas por un período de tempo comprendido entre un mes e un ano; clausura temporal total ou parcial das instalacións por un período non superior a dous anos.
- c) No caso de infraccións moi graves: multas desde 12001 ata 300000 euros; suspensión das licenzas ou autorizacións preceptivas por un período de tempo comprendido entre un e cinco anos; clausura definitiva, total ou parcial, das instalacións; clausura temporal, total ou parcial, das instalacións por un período non inferior a dous anos nin superior a cinco; a publicación, a través dos medios que se consideren oportunos, das sancións impostas, unha vez que estas adquiran firmeza en vía administrativa ou, no seu caso, xurisdiccional, así como os nomes, apelidos, denominación ou razón social das persoas físicas ou xurídicas responsables, e a índole e natureza das infraccións; o precintado temporal ou definitivo de equipos, aparatos ou vehículos; a prohibición temporal ou definitiva do exercicio de actividades.

3. Sen prexuízo da obriga de cumprimento das ordes e instrucións impartidas polos axentes da autoridade para o cesamento inmediato da conduta ruidosa en salvagarda da orde, saúde ou seguridade públicos, o acordo de inicio do procedemento sancionador poderá adoptar, entre outras medidas provisionais:

- a) Precintado de aparellos, equipos ou vehículos.
- b) Clausura temporal, parcial ou total, das instalacións ou do establecemento.
- c) Suspensión temporal da autorización ambiental integrada, a autorización ou aprobación do proxecto sometido a avaliación de impacto ambiental, a licenza de actividades clasificadas ou outras figuras de intervención administrativa nas que se estableceron condicións relativas á contaminación acústica.
- d) Medidas de corrección, seguridade ou control que impidan a continuidade na produción do risco ou do dano.

Artigo 25. Procedemento sancionador e proporcionalidade

1. O Concello exercerá a potestade sancionadora no ámbito da presente Ordenanza, sendo o Alcalde o competente para iniciar e resolver os expedientes sancionadores derivados da infracción do disposto nela. Ante calquera denuncia por infracción do disposto na Ordenanza incoarase o



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

correspondente procedemento administrativo de comprobación se fora o caso, nun prazo non superior a 48 horas. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento sancionador será de tres meses.

2. As sancións impoñeranse atendendo ás circunstancias do responsable, á importancia do dano ou deterioro causado ou molestia ás persoas, aos bens ou ao medio ambiente, á intencionalidade ou negligencia e á reincidencia ou participación.

Disposición adicional primeira. Reserva da competencia doutros organismos.

O réxime que establece a presente Ordenanza enténdese sen prexuízo das intervencións que correspondan a outros organismos da Administración na esfera das súas respectivas competencias.

Disposición adicional segunda. Réxime fiscal.

De conformidade co previsto no apartado 4 do artigo 20 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, as entidades locais poderán establecer taxas pola prestación de servizos de inspección que realicen para verificar o cumprimento do disposto nesta Ordenanza.

Disposición adicional terceira. Actividades novas.

Considéranse actividades novas a aquelas que iniciaron a tramitación das actuacións de intervención administrativa contempladas no artigo 18 da Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído, con data posterior a 23 de outubro de 2007; e infraestruturas locais novas a aquelas que teñan data de tramitación da declaración de impacto ambiental ou de aprobación do proxecto de execución, posterior á entrada en vigor do *DECRETO 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia*.

Igualmente terán consideración de novas infraestruturas aquelas que ante un novo trazado requiran a declaración de impacto ambiental ou impliquen a ampliación da súa capacidade ou intensidade media diaria de vehículos.

Disposición adicional cuarta. Obxectivos de calidade acústica.

As infraestruturas locais existentes terán como obxectivo de calidade acústica acadar os valores indicados nos artigos 10.1 e 11.1 desta Ordenanza. E as infraestruturas ou actividades novas deberán cumprir cos valores límite de recepción segundo o artigo 12.1 desta Ordenanza.

Disposición adicional quinta. Actualización normativa.

A modificación ou aprobación de calquera normativa de obrigado cumprimento en materia de



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

contaminación acústica, será condición suficiente para a súa aplicación e incorporación a esta Ordenanza nos termos legalmente establecidos.

Disposición transitoria primeira. Actividades e instalacións con licenza de actividade.

As actividades e instalacións con licenza de actividade outorgada con anterioridade á entrada en vigor do *DECRETO 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia*, que á entrada en vigor desta Ordenanza incumpran os niveis de ruído e vibracións permitidos na mesma, disporán dun prazo máximo de seis meses para adaptarse a esta normativa, co fin de garantir os niveis autorizados.

Disposición transitoria segunda. Adaptación de actividades existentes.

Os establecementos que contén coas licencias esixibles outorgadas con anterioridade á entrada en vigor da presente *Ordenanza*, deberán adaptarse integramente ao disposto nesta última nos casos seguintes:

- a. Cando se realicen modificacións, ampliacións ou reformas que excedan ás obras de mera hixiene, ornato ou conservación.
- b. Cando o establecemento teña sido clausurado por exercicio de facultades disciplinarias e se pretenda a súa reapertura.
- c. Cando o establecemento teña permanecido pechado durante un prazo mínimo de 6 meses e se pretenda a súa reapertura.

Disposición derogatoria única. Derogación normativa.

Quedan derogadas todas cantas disposicións do mesmo ou inferior rango regulen materias contidas nesta Ordenanza, en canto se opoñan ou contradigan o seu contido.

Disposición derradeira única. Entrada en vigor.

Conforme ao establecido nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, esta Ordenanza entrará en vigor aos 15 días hábiles da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, unha vez aprobada polo pleno da corporación.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

ANEXO I: ÍNDICES ACÚSTICOS E MÉTODOS DE AVALIACIÓN

A. ÍNDICES ACÚSTICOS

O ruído e as vibracións son sensacións molestas relacionadas con interferencias ou alteracións no son, que se miden cuns índices cuantificados en unidades de decibelios (dB), cunha ponderación dada do son e nun rango determinado de frecuencias audibles.

Nesta Ordenanza a referida ponderación será sempre segundo o filtro de frecuencias tipo base A, salvo no caso de niveis pico que será C ou nos casos que se indique o contrario.

1. Índices acústicos que aplican na presente Ordenanza.

a) Para ruído:

$L_{Aeq,T}$ para avaliar niveis sonoros nun intervalo temporal T.

O índice de ruído continuo equivalente $L_{Aeq,T}$, é o nivel de presión sonora continuo equivalente, en decibelios, determinado sobre un intervalo temporal de T segundos.

L_{Amax} para avaliar niveis sonoros máximos durante o período temporal.

O índice de ruído máximo L_{Amax} , é o máis alto nivel de presión sonora, en decibelios, (con constante de integración "f" de 0,125 s), L_{AFmax} , rexistrado no período temporal de avaliación.

$L_{K_{eq,T}}$ para avaliar niveis sonoros nun intervalo temporal T, con correccións de nivel por compoñentes tonais emerxentes, por compoñentes de baixa frecuencia ou por ruído de carácter impulsivo.

O índice de ruído continuo equivalente corrixido $L_{K_{eq,T}}$, é o nivel de presión sonora continuo equivalente, $L_{Aeq,T}$, corrixido pola presenza de compoñentes tonais emerxentes, componentes de baixa frecuencia e ruído de carácter impulsivo, de conformidade coa seguinte expresión:

$$L_{K_{eq,T}} = L_{Aeq,T} + K_t + K_f + K_i \quad (1)$$

Onde: K_t , K_f , K_i son os parámetros de corrección para avaliar a molestia ou os efectos nocivos pola presenza de compoñentes tonais emerxentes, compoñentes de baixa frecuencia e presenza de ruído de carácter impulsivo respectivamente, calculados por aplicación da metodoloxía descrita no anexo I.B.4.

$L_{K,x}$ para avaliar a molestia e os niveis sonoros, con correccións de nivel por compoñentes tonais emerxentes, por compoñentes de baixa frecuencia ou por ruído de carácter impulsivo, nun período temporal "x".

O índice de ruído continuo equivalente corrixido mediado a longo prazo $L_{K,x}$, é o nivel sonoro determinado ao longo de todos os períodos temporais de avaliación "x" dun ano, dado pola expresión que segue:



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

$$L_{K,x} = 10 \cdot \log \left(\frac{1}{n} \sum_{i=1}^n 10^{(L_{Keq,x})_i/10} \right) \quad (2)$$

Onde:

n é o número de mostras do período temporal de avaliación "x"
($(L_{Keq,x})_i$) é o nivel sonoro corrixido, determinado no período temporal de avaliación "x"
da
i-ésima mostra.

b) Para vibracións:

L_{aw} , para avaliar a molestia e os niveis de vibración máximos, durante o período temporal considerado, no espazo interior de edificios, determínase aplicando a fórmula seguinte:

$$L_{aw} = 20 \cdot \log \frac{a_w}{a_0} \quad (3)$$

Sendo:

a_w o máximo do valor eficaz (RMS) do sinal de aceleración, con ponderación en frecuencia

w_m , no tempo t, en m/s^2

a_0 a aceleración de referencia ($a_0 = 10^{-6} m/s^2$).

O valor eficaz $a_w(t)$ obtense mediante prodediado exponencial con constante de tempo de integración de 1 s ("slow").

2. Períodos temporais de avaliación.

a) Establécense tres períodos temporais de avaliación diarios: período día, de 7:00 a 19:00 h; período tarde, de 19:00 a 23:00 h; período noite, de 23:00 a 7:00 h. Cuns índices para avaliar os niveis sonoros neses períodos $L_{Aeq,d}$, $L_{Aeq,e}$, $L_{Aeq,n}$ (tamén denominados L_d , L_e , L_n) respectivamente. E do mesmo xeito para os índices equivalentes corrixidos $L_{Keq,T}$: L_{Kd} , L_{Ke} , L_{Kn} .

Existe un índice L_{den} para avaliar a molestia global durante todos os períodos día, tarde e noite.

$$L_{den} = 10 \cdot \log \left(\frac{1}{24} \cdot \left(12 \cdot 10^{L_d/10} + 4 \cdot 10^{(L_e+5)/10} + 8 \cdot 10^{(L_n+10)/10} \right) \right) \quad (4)$$

b) A efectos de calcular as medias a longo prazo, un ano corresponde ao ano natural no referente a emisión de son, e a un ano medio polo que se refire ás circunstancias meteorolóxicas.

B. MÉTODOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN DOS NIVEIS ACÚSTICOS



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

Para a avaliación dos niveis acústicos segundo o mencionado nos artigos 8 e 9 desta Ordenanza, poderanse seguir dous métodos: de cálculo ou de medición.

A efectos de inspección de actividades ou comportamentos, a valoración dos índices acústicos se determinará unicamente mediante medicións.

1. Avaliación do ruído no ambiente exterior.

Na avaliación dos niveis sonoros no ambiente exterior mediante índices de ruído, o son que se ten en conta é o son incidente, evitando ou corrixindo o son reflectido segundo as seguintes premisas:

- A altura do punto de avaliación non será inferior a 1,5 m sobre o nivel do chan.
- Ás medicións realizadas co micrófono situado a menos de 0,5 m dunha superficie reflectante aplicaráselles unha corrección de -6 dB ao valor global resultante, logo da aplicación das penalizacións e correccións por ruído de fondo estipuladas.
- Ás medicións realizadas co micrófono situado entre 0,5 e 2 m dunha superficie reflectante aplicaráselles unha corrección de -3 dB ao valor global resultante, logo da aplicación das penalizacións e correccións por ruído de fondo estipuladas.
- Ás medicións realizadas co micrófono situado a máis de 2 m dunha superficie reflectante no será preciso efectuar correccións por son reflectido.

2. Avaliación do ruído no ambiente interior.

No interior de recintos o punto de avaliación situarase a unha altura entre 1,2 e 1,5 m sobre o nivel do chan do recinto receptor, polo menos a 1 m das paredes ou outras superficies ou obxectos, e polo menos 1,5 m das fiestras, nos puntos que presenten o maior nivel de presión sonora para estimar o caso máis desfavorable. Cando algunha das distancias establecidas non se poida satisfacer, as medicións realizaranse no centro do recinto receptor. As portas e fiestras do recinto receptor deberán estar totalmente pechadas durante a avaliación do ruído.

3. Métodos de cálculo.

Os métodos de cálculo son os que establece a Ley 37/2003, do Ruído e ou seu desenvolvemento regulamentario.

4. Métodos e procedementos de medición de ruído.

Para a medición de ruído terase en conta o indicado no artigo 12 do *DECRETO 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia*, os métodos de medida axustaranse ao establecido no Real Decreto 1367/2007 que desenvolve a Lei 37/2003, do Ruído. Os instrumentos de medida de son e vibracións e calibradores de son e vibracións utilizados para a avaliación do ruído e vibracións, cumprirán as disposicións de control metrolóxico establecidas na legislación específica e contarán coa verificación periódica en vigor, emitida por un laboratorio autorizado para tales efectos, debendo realizar dita verificación anualmente, para o caso dos instrumentos de medida de son e os seus calibradores, e cada dous anos para os instrumentos de medida das



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

vibracións e os seus calibradores.

Os procedementos de medición *in situ* utilizados para a avaliación dos índices de ruído adecuaranse ao exposto neste apartado:

As medicións pódense realizar en continuo durante o período temporal de avaliación completo ou aplicando métodos de mostraxe do nivel de presión sonora en intervalos temporais de medida T_i , un número de medidas n , seleccionados dentro do período temporal de avaliación, día, tarde e noite, e un número de puntos característicos da zona atendendo ás dimensións da área acústica e á variación espacial dos niveis sonoros, de forma que o resultado da medida sexa representativo da valoración do índice que se está avaliando.

Os valores medidos daranse cunha cifra decimal e o valor do nivel sonoro final, tras a realización dos procedementos que se describen a continuación, expresarase redondeado a un número enteiro, mediante a suma de 0,5 dB ao valor calculado cunha cifra decimal, tomando a parte enteira como valor resultante.

4.1. Avaliación dos índices de ruído referentes a obxectivos de calidade acústica.

a) Realizarase unha avaliación preliminar mediante medicións en continuo durante polo menos 24 horas, correspondente aos episodios acústicamente máis significativos, atendendo á fonte de son que ten maior contribución nos ambientes sonoros da área acústica avaliada.

b) A cantidade de puntos necesarios para a caracterización acústica da área determinarase segundo as dimensións da área acústica e variación espacial dos niveis de son.

c) O micrófono estará preferiblemente situado a 4 metros sobre o nivel do chan, fixado nun elemento de apoio estable e separado polo menos a 1,20 metros de calquera fachada ou fachada que poida introducir distorsións en reflexións sobre a medida. Para a medición, pódense escoller outras alturas, aínda que estas non deberían ser inferiores 1,5 m sobre o nivel do chan, e os resultados corrixiranse de acordo cunha altura equivalente de 4 m. Nestes casos, os criterios de corrección aplicados serán técnicamente xustificadas.

4.2. Avaliación dos niveis sonoros producidos polos emisores acústicos.

a) Infraestruturas viarias, ferroviarias e aeroportuarias:

Deberanse realizar polo menos 3 series de medicións do L_{Aeq,T_i} , con tres medicións en cada serie, dunha duración mínima de 5 minutos ($T_i = 300$ segundos), con intervalos temporais mínimos de 5 minutos, entre cada unha das series.

A avaliación do nivel sonoro no período temporal de avaliación determinarase a partir dos valores dos índices L_{Aeq,T_i} de cada unha das medidas realizadas, aplicando a seguinte expresión:

$$L_{Aeq,T} = 10 \cdot \log \left(\frac{1}{n} \sum_{i=1}^n 10^{L_{Aeq,T_i}/10} \right) \quad (5)$$



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

Onde:

T, é o tempo correspondente ao período temporal de avaliación considerado;
 T_i o intervalo de tempo da medida i ;
 n o número de medicións do conxunto das series de medicións realizadas no período de tempo de referencia T.

b) Resto de actividades e focos emisores:

7. Cando a finalidade das medicións sexa a inspección de actividades ou focos emisores determinados, os titulares ou usuarios de aparellos xeradores de ruídos, tanto ao aire libre como en establecementos ou locais, facilitarán aos inspectores o acceso ás súas instalacións ou focos de emisión de ruídos e disporán o seu funcionamento ás distintas velocidades, cargas ou marchas que lles indiquen devanditos inspectores, podendo presenciar aqueles todo o proceso operativo.
8. A medición, tanto para os ruídos emitidos como para os transmitidos polos emisores acústicos, levarase a cabo no lugar no que o seu valor sexa máis alto.
9. A medición, tanto dos ruídos emitidos ao ambiente exterior das áreas acústicas, como dos transmitidos ao ambiente interior das edificacións polos emisores acústicos, levarase a cabo no punto de avaliación, no que o seu valor sexa máis alto.
10. Cando, polas características do emisor acústico, se comprobén variacións significativas dos seus niveis de emisión sonora durante o período temporal de avaliación, dividirase este, en intervalos de tempo, T_i , ou fases de ruído (i) nos cales o nivel de presión sonora no punto de avaliación percíbese de xeito uniforme.
11. En cada fase de ruído realizaranse polo menos tres medicións do L_{K_{eq},T_i} , dunha duración mínima de 5 segundos, con intervalos de tempo mínimos de 3 minutos, entre cada unha das medidas. As medidas consideraranse válidas, cando a diferenza entre os valores extremos obtidos, é menor ou igual a 6 dBA.
12. Se a diferenza fose maior, deberase proceder á obtención dunha nova serie de tres medicións.
13. De reproducirse un valor moi diferenciado do resto, investigarase a súa orixe. Se se localiza, deberase repetir ata cinco veces as medicións, de forma que o foco orixe de devandito valor entre en funcionamento durante os cinco segundos de duración de cada medida.
14. Tomarase como resultado da medición o valor máis alto dos obtidos.
15. Na determinación do L_{K_{eq},T_i} terase en conta a corrección por compoñentes tonais (K_t), impulsivas (K_i), baixas frecuencias (K_f) e por ruído de fondo (K_b).
16. Para a determinación do ruído de fondo, procederase de forma análoga á descrita no punto anterior, co emisor acústico que se está avaliando parado.
17. Cando se determinen fases de ruído, a avaliación do nivel sonoro no período temporal de avaliación determinarase a partir dos valores dos índices L_{K_{eq},T_i} de cada fase de ruído medida, aplicando a seguinte expresión:



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

$$L_{Keq,T} = 10 \lg \left(\frac{1}{T} \sum_{i=1}^n T_i \cdot 10^{0,1L_{Keq,T_i}} \right)$$

Onde:

T, é o tempo en segundos correspondente ao período temporal de avaliación considerado ($\geq T_i$).

T_i , é o intervalo de tempo asociado á fase de ruído i . A suma dos $T_i = T$.

n , é o número de fases de ruído en que se descompón o período temporal de referencia T.

O valor do nivel sonoro resultante, redondearase incrementándoo en 0,5 dBA, tomando a parte enteira como valor resultante.

4.3. Cálculo das correccións por compoñentes tonais (K_t), impulsivas (K_i), baixas frecuencias (K_f)

Cando no proceso de medición dun ruído se detéctase a presenza de compoñentes tonais emerxentes, ou compoñentes de baixa frecuencia, ou sons de alto nivel de presión sonora e curta duración debidos á presenza de compoñentes impulsivos, ou de calquera combinación deles, procederase a realizar unha a avaliación detallada do ruído introducindo as correccións adecuadas.

O valor máximo da corrección resultante da suma de $K_t + K_f + K_i$ non será superior a 9 dB.

Polo tanto,

$$L_{Keq,T_i} = L_{Aeq, T_i} + K_t + K_f + K_i = \text{dB} \quad (\text{coas correccións de ruído de fondo establecidas})$$

4.3.1. Correccións por compoñentes tonais (K_t)

Para a avaliación detallada do ruído por presenza de compoñentes tonais emerxentes tomarase como procedemento de referencia o seguinte:

a) Realizácese a análise espectral do ruído en 1/3 de oitava no rango de frecuencias entre 16 Hz e 12500 Hz, sen filtro de ponderación (ponderación lineal en "dB" denominada comúnmente "L" ou "Z").

b) Calcularase a diferenza (ver observacións do apartado e en relación ao ruído de fondo):

$$L_t = L_f - L_s$$

Onde:

L_f , é o nivel de presión sonora da banda f , que contén o ton emerxente.

L_s , é a media aritmética dos dous niveis seguintes: o da banda situada inmediatamente por encima de f e o da banda situada inmediatamente por baixo de f .

c) Determinarase a presenza ou a ausencia de compoñentes tonais e o valor do parámetro de corrección K_t aplicando a táboa seguinte:

Banda de frecuencia de 1/3 de oitava	L_t en dB	Parámetro de corrección por compoñente tonal K_t en dB
--------------------------------------	-------------	--



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

De 20 a 125 Hz	Si $L_t < 8$	0
	Si $8 \leq L_t \leq 12$	3
	Si $L_t > 12$	6
De 160 a 400 Hz	Si $L_t < 5$	0
	Si $5 \leq L_t \leq 8$	3
	Si $L_t > 8$	6
De 500 a 10000 HZ	Si $L_t < 3$	0
	Si $3 \leq L_t \leq 5$	3
	Si $L_t > 5$	6

d) No suposto da presenza de máis dunha compoñente tonal emerxente adoptarase como valor do parámetro K_i , o maior dos correspondentes a cada unha delas.

e) Para cada banda de 1/3 de oitava obxecto de análise, realizaranse as correccións de ruído de fondo segundo o establecido no apartado 4.3.4, si a diferenza entre a banda que contén o ton emerxente e o ruído de fondo para esa banda é igual ou inferior a 3 dB non se terá en conta dita banda para o cálculo de penalizacións por componentes tonais, sen perxuízo do análise nas outras bandas que presenten tonos emerxentes. Para o caso das bandas adxacentes ás emergentes, as cales interveñan no cálculo de cada valor de L_t , se a diferenza entre a banda adxacente e o ruído de fondo para esa banda é igual ou inferior a 3 dB, para o cálculo de L_s tomarase o valor do nivel da banda adxacente sin corrixir.

4.3.2. Correccións por compoñentes de baixa frecuencia (K_f)

Para a avaliación detallada do ruído por presenza de compoñentes de baixa frecuencia tomarase como procedemento de referencia o seguinte:

a) Mediranse, de forma simultánea, os niveis globais de presión sonora coas ponderacións frecuenciales A e C.

b) Calcularase a diferenza entre os valores obtidos (ver observacións do apartado d en relación ao ruído de fondo):

$$L_f = L_{Ceq,Ti} - L_{Aeq,Ti}$$

c) Determínase a presenza ou a ausencia de compoñentes de baixa frecuencia e o valor do parámetro de corrección K_f aplicando a táboa seguinte:

L_f en dB	Parámetro de corrección por compoñente de baixa frecuencia K_f en dB
Si $L_f \leq 10$	0
Si $10 < L_f \leq 15$	3
Si $L_f > 15$	6

d) Para determinar o valor de L_f , realizaranse as correccións de ruído de fondo segundo o establecido no apartado 4.3.4, si a diferenza entre o valor de $L_{Ceq,Ti}$ medido co foco emisor en funcionamento respecto ao valor de $L_{Ceq,Ti}$ do ruído de fondo é igual ou inferior a 3 dB non se terá en conta o cálculo de penalizacións por compoñentes de baixa frecuencias.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

4.3.3. Correccións por compoñentes impulsivos (K_i)

Para a avaliación detallada do ruído por presenza de compoñentes impulsivos tomarase como procedemento de referencia o seguinte:

- Mediranse, de forma simultánea, os niveis de presión sonora continuo equivalente ponderado A, nunha determinada fase de ruído de duración T_i segundos, na cal percíbese o ruído impulsivo, L_{Aeq,T_i} , e coa constante temporal impulso (I) do equipo de medida, L_{Aeq,T_i} .
- Calcularase a diferenza entre os valores obtidos, debidamente corrixidos por ruído de fondo:

$$L_i = L_{Aeq,T_i} - L_{Aeq,T_i}$$

- Determinarase a presenza ou a ausencia de compoñentes impulsivos e o valor do parámetro de corrección K_i aplicando a táboa seguinte:

L_i en dB	Parámetro de corrección por compoñentes impulsivos K_i en dB
Si $L_i \leq 10$	0
Si $10 < L_i \leq 15$	3
Si $L_i > 15$	6

4.3.4. Correccións por ruído de fondo

- A corrección do nivel de ruído pola influencia do ruído de fondo (ruído existente coa actividade ou instalación ruidosa obxecto de inspección sen funcionamento) realizarase conforme ás seguintes indicacións:

- Se a diferenza entre o nivel de ruído coa actividade en funcionamento e o nivel de ruído de fondo é igual ou inferior a 3 dB, darase por nula a medición, salvo que o valor do nivel de ruído rexistrado esté por debaixo dos límites esixidos, co cal o valor obtido poderíase expresar poñendo o símbolo "<" diante do valor do nivel medido coa actividade ou foco emisor en funcionamento, significando que dito valor resultante está afectado polo ruído de fondo existente e o seu valor seía menor ao indicado.

- Se a diferenza entre o nivel de ruído coa actividade en funcionamento e o nivel de ruído de fondo é superior a 10 dB, o nivel de ruído transmitido non precisa corrección.

- Se a diferenza entre o nivel de ruído coa actividade en funcionamento e o nivel de ruído de fondo está comprendida entre 3 e 10 dB, calcularase o valor corrixido mediante a seguinte fórmula:

$$L_{corr} = 10 \cdot \lg (10^{L_{FE}/10} - 10^{L_{RF}/10})$$

Sendo,

- L_{corr} o nivel resultante en dB (coa ponderación correspondente), corrixido polo ruído de fondo existente
- L_{FE} o nivel en dB (coa ponderación correspondente), do nivel medido coa actividade ou foco emisor en funcionamento
- L_{RF} o nivel en dB (coa ponderación correspondente), do nivel medido coa



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

actividade ou foco emisor sen funcionamento

4.3.5. Condicións da medición

Na realización das medicións para a avaliación dos niveis sonoros, deberanse gardar as seguintes precaucións:

- a) As condicións de humidade e temperatura deberán ser compatibles coas especificacións do fabricante do equipo de medida.
- b) Na avaliación do ruído transmitido por un determinado emisor acústico non serán válidas as medicións realizadas no exterior con choiva, téndose en conta para as medicións no interior, a influencia da mesma á hora de determinar a súa validez en función da diferenza entre os niveis a medir e o ruído de fondo, incluído neste, o xerado pola choiva.
- c) Será preceptivo que antes e logo de cada medición, realícese unha verificación acústica da cadea de medición mediante calibrador sonoro, que garanta unha marxe de desviación non superior a 0,3 dB respecto o valor de referencia inicial.
- d) As medicións no medio ambiente exterior realizaranse usando equipos de medida con pantalla antivento. Así mesmo, cando no punto de avaliación a velocidade do vento sexa superior a 5 metros por segundo desistirse da medición.

4.3.6. Procedemento simplificado da medida do ruído interior transmitido polas actividades no caso de denuncias

As metodoloxías de medición quedan descritas con bastante detalle nos anteriores apartados e no Anexo IV do Real Decreto 1367/2007. Redáctase este apartado de cara a simplificar o procedemento de medición *in situ*, no caso de inspección por denuncias de ruído, no ámbito da medición do ruído interior transmitido por las distintas actividades colindantes a recintos lindeiros. A estes efectos, tal como establece o Artigo 24.3 do Real Decreto 1367/2007, considérase que dous locais son lindeiros cando non se produce a transmisión de ruído, entre o emisor e o receptor, a través do medio ambiente exterior, no caso contrario a valoración do ruído derivada da actividade ou foco emisor deberá facerse no ambiente exterior.

1. Identificar o ruído:
 - a. Identificar inequívocamente a procedencia e natureza do ruído: emisor ou actividade responsable do ruído e fonte ou fontes sonoras significativas percibidas (máquina, música, berros, arrastre de cadeiras, etc.).
2. Identificar a ubicación na que o nivel de ruído sexa máis elevado (recinto receptor máis desfavorable).
3. En cada fase de ruído:
 - a. Criterios selección de puntos de medida:



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

- i. Se é posible medir en 3 puntos (recomendación distancia mínima entre puntos 1 m).
 1. Alomenos a 1 metro de paredes e outras superficies.
 2. Entre 1,2 y 1,5 metros de altura sobre o chan.
 3. Alomenos a 1,5 metros das fiestras.
 - ii. Se non é posible:
 - As medición realizarase no centro do recinto.
- Elaborar sempre un croquis indicando as posicións de medida.
- b. Coa actividade a avaliar en funcionamento, realizar unha medición en cada punto (ou 3 medicións no centro) de alomenos 5 segundos e a intervalos entre cada rexistro de 3 minutos:
- i. Medición do parámetro L_{Aeq} (dBA)
 - ii. Comprobar se a diferenza entre valores extremos medidos de L_{Aeq} é menor que 6 dBA
 1. Si = Medición válida.
 2. No = Volver ao punto 3.b.
 - iii. Si existe un valor moi diferenciado do resto (máis de 6 dBA):
 1. Identificar causas.
 2. Repetir ata 5 medicións de forma que, o foco de ruído que orixina a diferenza, entre en funcionamento durante os 5 segundos de cada medida.
 3. Si continúa existindo este valor diferenciado: avaliar do mesmo xeito pero sin ter en conta o criterio de diferenza mínima entre valores extremos.
 - iv. Para detectar compoñentes tonais emerxentes: medición do espectro de ruído en 1/3 octava no rango de frecuencias entre 16 e 12500 Hz do parámetro L_{eq} (dB).
 - v. Para detectar compoñentes de baixa frecuencia: medición do parámetro L_{Ceq} (ponderación frecuencial C “dBC”).
 - vi. Para detectar compoñentes impulsivas: medición do parámetro L_{Aeq} (ponderación frecuencial A e ponderación temporal impulsiva “I”).
- O sonómetro empregado debe permitir obter todos os parámetros de forma simultánea.
- c. Coa actividade ou foco emisor parado, medir o ruído de fondo existente nos mesmos 3 puntos , unha medición de alomenos 5 segundos (mesmo tempo que o que se empregue para o ruído transmitido) en cada punto e a intervalos de 3 minutos. En cada punto:
- i. Medición do parámetro L_{Aeq} (dBA)
 - ii. Comprobar se a diferenza entre valores extremos medidos de L_{Aeq} é menor que 6 dBA
 1. Si = Medición válida.
 2. No = Volver ao punto 3.b.
 - iii. Si existe un valor moi diferenciado do resto (máis de 6 dBA):
 1. Identificar causas.
 2. Repetir ata 5 medicións de forma que, o foco de ruído que orixina a diferenza, entre en funcionamento durante os 5 segundos de cada medida.
 3. Si continúa existindo este valor diferenciado: avaliar do mesmo xeito pero sin ter en conta o criterio de diferenza mínima entre valores extremos.
 - iv. Para detectar compoñentes tonais emerxentes: medición do espectro de ruído en 1/3



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

octava no rango de frecuencias entre 16 e 12500 Hz do parámetro L_{eq} (dB).

v. Para detectar compoñentes de baixa frecuencia: medición do parámetro L_{Ceq} (ponderación frecuencial C “dBC”).

vi. Para detectar compoñentes impulsivas: medición do parámetro L_{A1eq} (ponderación frecuencial A e ponderación temporal impulsiva “I”).

O sonómetro empregado debe permitir obter todos os parámetros de forma simultánea.

- Asegurarse de que as condicións acústicas, relativas a fontes de ruído alleas á inspeccionada, son similares para a medición do ruído de fondo e para as actividades coa actividade en funcionamento.
- O período de medida para o ruído de fondo será o mesmo ao empregado para as medidas coa actividade en funcionamento..
- Se o ruído ten compoñentes impulsivas recoméndase empregar un tempo de medida de 5 segundos.

d. Correccións e penalizacións a realizar:

i. Por ruído de fondo

1. Se o nivel a avaliar supera en 10 dBA o nivel de ruído de fondo: Non facer corrección.
2. Se o nivel a avaliar supera entre 3 e 10 dBA o nivel de ruído de fondo: o valor corrixido é $L_{Aeq,corr} = 10 * \log(10^{L_{Aeq}/10} - 10^{L_{Aeq,fondo}/10})$
3. Se o nivel a avaliar non supera en 3 dBA o nivel de ruído de fondo: Non se pode aplicar a corrección. Existen dúas opcións:
 - a. Repetir a medición noutro momento.
 - b. Se non é posible, pódese concluir que o valor resultante de medición é menor que o valor medido coa actividade en funcionamento pero non se pode determinar o seu valor exacto.

ii. Por compoñentes tonais emerxentes (K_f)

1. Medición en terzo de octava (rango 16-12500 Hz) da actividade en funcionamento
2. Medición en terzo de octava (rango 16-12500 Hz) do ruído de fondo
3. Corrección por ruído de fondo en cada banda:
 - a. Se o nivel a avaliar supera en 10 dB o nivel de ruído de fondo: Non facer corrección
 - b. Se o nivel a avaliar supera entre 3 e 10 dB o nivel de ruído de fondo: a corrección na banda “f” é $L_{f,corr} = 10 * \log(10^{L_{f,10}} - 10^{L_{f,fondo}/10})$
 - c. Se o nivel a avaliar non supera en 3 dB o nivel de ruído de fondo: desestimar a corrección. Para o caso das bandas adxacentes ás emerxentes, as cales interveñan no cálculo de cada valor de L_t , se a diferenza entre a banda adxacente e o ruído de fondo para esa banda é igual ou inferior a 3 dB, para o cálculo de L_s tomarase o valor do nivel da banda adxacente sin corrixir.
4. Cálculo de $L_t = L_f - L_s$
 - a. L_f : nivel banda emerxente



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

b. Ls: media aritmética bandas adxacentes

5. A partires do valor de L_t obter o valor da penalización K_t segundo se indica na tabla do apartado

4.3.1 deste Anexo.

Se na banda donde se detecte una compoñente tonal coa actividade en funcionamento, a diferenza entre o valor en dita banda coa actividade en funcionamento y o do ruído de fondo é menor de 3 dB, non se aplicará corrección por compoñente tonal debida a esa banda.

iii. Por compoñentes de baixa frecuencia (K_f)

1. Corrección por ruído de fondo de L_{Ceq} .

a. Se o nivel a avaliar supera en 10 dBC o nivel de ruído de fondo: non facer corrección.

b. Se o nivel a avaliar supera entre 3 e 10 dBC o nivel de ruído de fondo: o valor corrixido é $L_{Ceq,corr} = 10 * \log(10^{L_{Ceq,nivel}/10} - 10^{L_{Ceq,fondo}/10})$.

c. Se o nivel a avaliar non supera en 3 dBC ao nivel de ruído de fondo: non se pode aplicar a corrección.

2. Cálculo de $L_f = L_{Ceq,corr,Ti} - L_{Aeq,corr,Ti}$

3. A partires do valor de L_f obter o valor da penalización K_f segundo se indica na tabla do apartado 4.3.2 deste Anexo.

Se a diferenza entre o valor de L_{Ceq} coa actividade en funcionamento e o valor de L_{Ceq} do ruído de fondo é menor de 3 dB, non se aplicará corrección por baixa frecuencia.

iv. Por compoñentes impulsivos (K_i)

1. Corrección por ruído de fondo de L_{Aeq}

a. Se o nivel a avaliar supera en 10 dB o nivel de ruído de fondo: non facer corrección.

b. Se o nivel a avaliar supera entre 3 e 10 dBA o nivel de ruído de fondo: o valor corrixido é $L_{Aeq,corr} = 10 * \log(10^{L_{Aeq,nivel}/10} - 10^{L_{Aeq,fondo}/10})$

c. Se o nivel a avaliar non supera en 3 dB o nivel de ruído de fondo: non se pode aplicar a corrección.

2. Cálculo de $L_i = L_{Aeq,corr,Ti} - L_{Aeq,corr,Ti}$

3. A partires do valor de L_i obter o valor da penalización K_i segundo se indica na tabla do apartado

4.3.3 deste Anexo.

Se a diferenza entre o valor de L_{Aeq} coa actividade en funcionamento e o valor de L_{Aeq} do ruído de fondo é menor de 3 dB, non se aplicará corrección por impulsividade.

v. Aplicación das correccións $K_t+K_f+K_i$

1. O valor da medición será $L_{K_{eq,Ti}} = L_{Aeq,Ti} + K_t + K_f + K_i$ (Se $K_t + K_f + K_i > 9$ a corrección máxima global será 9).

2. O valor resultante incrementarase en 0,5 dBA tomando a parte enteira como valor resultante.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

3. Tomar como resultado de $L_{keq,Ti}$ o valor máis elevado dos correspondentes aos 3 rexistros realizados.

4. Evaluación da conformidade

O nivel de ruído transmitido é conforme coa normativa, se o nivel na fase de ruído ($L_{keq,Ti}$) non supera os valores límite establecidos na Táboa B.2.c do Apartado 2 do Anexo II desta Ordenanza.

Observacións para ás medición de ruído no medio ambiente exterior

O procedemento para a avaliación dos niveis sonoros no ambiente exterior realizarase segundo o descrito para o ruído interior, tendo en conta as seguintes premisas:

- A altura do punto de avaliación non será inferior a 1,5 m sobre o nivel do chan.
- Ás medicións realizadas co micrófono situado a menos de 0,5 m dunha superficie reflectante aplicaráselles unha corrección de -6 dB ao valor global resultante, logo da aplicación das penalizacións establecidas e correccións por ruído de fondo.
- Ás medicións realizadas co micrófono situado entre 0,5 e 2 m dunha superficie reflectante aplicaráselles unha corrección de -3 dB ao valor global resultante, logo da aplicación das penalizacións establecidas e correccións por ruído de fondo.
- Ás medicións realizadas co micrófono situado a máis de 2 m dunha superficie reflectante non será preciso efectuar correccións por son reflectido, recoméndase respetar sempre esta distancia de 2 m ás superficies reflectantes para evitar a aplicación das correccións por son reflectido.
- A conformidade debe facer referencia a que a actividade cumpre ou incumpe a normativa na data na que se realizaron os ensaios.

C. MÉTODOS DE AVALIACIÓN PARA O ÍNDICE DE VIBRACIÓNS

1. Método de medición de vibracións

A avaliación do índice de vibración L_{aw} , realizarase con instrumentos que dispoñan de ponderación frecuencial w_m , de conformidade coa definición da norma ISO 2631-2:2003. Medirase o valor eficaz máximo obtido cun detector de media exponencial de constante de tempo 1s (slow) durante a medición. Este valor corresponderá ao parámetro a_w , Maximum Transient Vibration Value, (MTVV), segundo se recolle na norma ISO 2631-1:1997.

2. Procedementos de medición de vibracións

Os procedementos de medición *in situ* utilizados para a avaliación do índice de vibración que establece esta ordenanza adecuaranse ás prescricións seguintes:

a) Previamente á realización das medicións é preciso identificar os posibles focos de vibración, as direccións dominantes e as súas características temporais.

b) As medicións realizaranse sobre o chan no lugar e momento de maior molestia, medirase en



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

tres direccións ortogonais simultaneamente, obtendo o valor eficaz $a_{w,i}(t)$ en cada unha delas e o índice de avaliación como suma cuadrática, no tempo t , aplicando a expresión:

$$a_w(t) = \sqrt{a_{w,x}^2(t) + a_{w,y}^2(t) + a_{w,z}^2(t)}$$

c) Para a medición de vibracións xeradas por actividades, distingúirase entre vibracións de tipo estacionario ou transitorio.

i) Tipo estacionario: deberase realizar a medición polo menos nun minuto no período de tempo no que se estableza o réxime de funcionamento máis desfavorable; se este non é identificable medírase polo menos un minuto para os distintos réximes de funcionamento.

ii) Tipo transitorio: deberanse ter en conta os posibles escenarios diferentes que poidan modificar a percepción da vibración (foco, intensidade, posición, etc.). A efectos da aplicación dos criterios sinalados no artigo 17º 1.b) del Real Decreto 1367/2007, na medición deberase distinguir entre os períodos diúrno e nocturno, contabilizando o número de eventos máximo esperable.

d) Na medición de vibracións xeradas polas infraestruturas igualmente deberase distinguir entre as de carácter estacionario e transitorio. Para ese efecto o tráfico rodado en vías de elevada circulación pode considerarse estacionario.

i) Tipo estacionario: deberase realizar a medición polo menos en cinco minutos dentro do período de tempo de maior intensidade (principalmente de vehículos pesados) de circulación. En caso de descoñecerse datos do tráfico da vía realizaranse medicións durante un día completo avaliando o valor eficaz a_w .

ii) Tipo transitorio: deberanse ter en conta os posibles escenarios diferentes que poidan modificar a percepción da vibración (p.e: no caso dos trens terase en conta os diferentes tipos de vehículos por cada vía e a súa velocidade se a diferenza é apreciable). A efectos da aplicación dos criterios sinalados no artigo 17º, apartado 1.b) del Real Decreto 1367/2007, na medición deberase distinguir entre os períodos diúrno e nocturno, contabilizando o número de eventos máximo esperable.

e) De tratarse de episodios reiterativos, realizarase a medición polo menos tres veces, dándose como resultado o valor máis alto dos obtidos; se se repite a medición con seis ou máis eventos permítese caracterizar a vibración polo valor medio máis unha desviación típica.

f) Na medición da vibración producida por un emisor acústico a efectos de comprobar o cumprimento do estipulado na Táboa C do apartado 1 do Anexo II, procederase á corrección da medida pola vibración de fondo (vibración co emisor parado, cos mesmos criterios de corrección que os establecidos no apdo. 2.3.4. do Anexo IV).

g) Será preceptivo que antes e logo de cada medición, se faga unha verificación da cadea de medición

cun calibrador de vibracións, que garanta o seu bo funcionamento. A efectos de inspección de actividades, para a verificación *in situ* dos instrumentos de medida, serán válidos os calibradores de vibracións cuxo punto de calibración se situe no rango comprendido entre 1 e 80 Hz.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

D. MÉTODOS DE MEDICIÓN DAS CONDICIÓNS ACÚSTICAS DOS LOCAIS DE ACTIVIDADES

1. Medición do illamento acústico a ruído aéreo entre recintos

A medición realizarase conforme á Norma UNE-EN ISO 16283-1:2015(+A1:2018) ou outra que a substitúa lexislativamente, en bandas de 1/3 de oitava no rango de frecuencias comprendido entre 100 e 5000 Hz. Determinando os niveis acadados nos recintos receptores máis afectados (vivenda colindante superior, inferior ou ao mesmo nivel, ou no seu defecto a máis achegada ao local emisor se houberá recintos intermedios).

Para o seu cálculo partírase do espectro da diferenza de niveis estandarizada entre recintos interiores, $D_{nT}(f)$, obtido de acordo coa norma referenciada, nas bandas de frecuencia de 1/3 de oitava comprendidas entre 100 Hz e 5 kHz segundo a expresión:

$$D_{nT} = L_1 - L_2 + 10 \cdot \lg \frac{T}{T_0} \quad [\text{dB}] \quad (4.A)$$

Donde:

- L_1 nivel medio de presión sonora de 1/3 de oitava no recinto emisor, [dB];
- L_2 nivel medio de presión sonora de 1/3 de oitava no recinto receptor, [dB], corrixido polo ruído de fondo segundo apartado 9 da norma referenciada;
- T tempo de reverberación de 1/3 de oitava do recinto receptor, [s];
- T_0 tempo de reverberación de referencia; o seu valor é $T_0 = 0,5$ s.

Para obter o valor de illamento global $D_{nT,A}$ (diferencia de niveis estandarizada, ponderada A, entre recintos interiores), empregárase a seguinte expresión:

$$D_{nT,A} = -10 \cdot \lg \sum_{i=100\text{Hz}}^{5\text{kHz}} 10^{(L_{Ar,i} - D_{nT,i})/10} \quad [\text{dBA}] \quad (4.B)$$

Donde:

- $D_{nT,i}$ diferenza de niveis estandarizada na banda de frecuencia i , [dB] (véxase a ecuación 4.A);
- $L_{Ar,i}$ valor do espectro normalizado do ruído rosa, ponderado A, na banda de frecuencia i , [dBA] (Táboa 1 deste documento);
- i recorre todas as bandas de frecuencia de terzo de octava de 100 Hz a 5 kHz.

O valor final da magnitude de illamento global $D_{nT,A}$ exprésase redondeado a un número enteiro, mediante a suma de 0,5 dBA ao valor calculado cunha cifra decimal, tomando a parte enteira como valor resultante, segundo o seguinte exemplo:

$$D_{nT,A} \text{ calculado} = 60,4 \text{ dBA} \rightarrow \text{Redondeo} = 60,4 + 0,5 = 60,9 \rightarrow D_{nT,A} = 60 \text{ dBA}$$

f_i (Hz)	$L_{Ar,i}$ (dBA)	f_i (Hz)	$L_{Ar,i}$ (dBA)
100	-30,1	800	-11,8
125	-27,1	1000	-11,0
160	-24,4	1250	-10,4
200	-21,9	1600	-10,0
250	-19,6	2000	-9,8
315	-17,6	2500	-9,7
400	-15,8	3150	-9,8
500	-14,2	4000	-10
630	-12,9	5000	-10,5



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

Para calcular o illamento na banda de 125 Hz, $D_{nT,125}$, empregárase a seguinte fórmula conforme ao apartado 11 da norma referenciada:

$$D_{nT,125} = -10 \log_{10} \left[\left(\frac{10^{\frac{-D_{nT,100\text{Hz}}}{10}}}{3} \right) + \left(\frac{10^{\frac{-D_{nT,125\text{Hz}}}{10}}}{3} \right) + \left(\frac{10^{\frac{-D_{nT,160\text{Hz}}}{10}}}{3} \right) \right] = \text{dB} \quad (4.C)$$

$D_{nT,100 \text{ Hz}}$, $D_{nT,125 \text{ Hz}}$ e $D_{nT,160 \text{ Hz}}$ obtéñense a partir dos valores en dB medidos *in situ* en 1/3 de octava.

Observacións: segundo o establecido nas disposicións transitorias do *Real Decreto 732/2019, do 20 de decembro, polo que se modifica o Código Técnico da Edificación, aprobado polo Real Decreto 314/2006, de 17 de marzo*, de forma voluntaria poderá seguir aplicándose a norma UNE-EN ISO 140-4:1999 nas obras de nova construción e ás intervencións en edificios ou recintos existentes que teñan solicitada a licenza municipal de obras con anterioridade ao 28 de xuño do 2020.

2. Medición do illamento acústico a ruído aéreo de fachadas

A medición realizarase conforme á Norma UNE-EN ISO 16283-3:2016 ou outra que a substitúa lexislativamente, en bandas de 1/3 de oitava no rango de frecuencias comprendido entre 100 e 5000 Hz.

Para o seu cálculo partírase do espectro da diferenza de niveis estandarizada en fachadas, $D_{2m,nT}(f)$, obtido de acordo á norma referenciada, nas bandas de frecuencia de 1/3 de oitava comprendidas entre 100 Hz e 5 kHz segundo a expresión:

$$D_{2m,nT} = L_{1,2m} - L_2 + 10 \cdot \lg \frac{T}{T_0} \quad [\text{dB}] \quad (4.D)$$

Donde:

- $L_{1,2m}$ nivel medio de presión sonora de 1/3 de oitava medido a 2 metros fronte á fachada, [dB];
- L_2 nivel medio de presión sonora de 1/3 de oitava no recinto receptor, [dB], corrixido polo ruído de fondo segundo apartado 7.4 da norma referenciada;
- T tempo de reverberación de 1/3 de oitava do recinto receptor, [s];
- T_0 tempo de reverberación de referencia; o seu valor é $T_0 = 0,5 \text{ s}$.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

Para obter o valor de **illamento global** $D_{2m,nT,A}$ (diferencia de niveles estandarizada, ponderada A, en fachadas), empregarase a seguinte expresión:

$$D_{2m,nT,A} = -10 \cdot \lg \sum_{i=100\text{Hz}}^{5\text{kHz}} 10^{(L_{Ar,i} - D_{2m,nT,i})/10} \quad [\text{dBA}] \quad (4.E)$$

Donde:

$D_{2m,nT,i}$ diferenza de niveles estandarizada na banda de frecuencia i , [dB]
(véxase a ecuación 4.D);

$L_{Ar,i}$ valor do espectro normalizado do ruído rosa, ponderado A, na banda de frecuencia i , [dBA] (Táboa 1 deste documento);

i recorre todas as bandas de frecuencia de terzo de octava de 100Hz a 5 kHz.

O valor final da magnitude de **illamento global** $D_{2m,nT,A}$ exprésarase redondeado a un número enteiro, mediante a suma de 0,5 dBA ao valor calculado cunha cifra decimal, tomando a parte enteira como valor resultante, segundo o exemplo do apartado 4.1 deste documento.

Nos casos nos que a actividade se desenrole nun recinto emprazado dentro dunha parcela nunha zona clasificada como residencial, sanitaria, docente ou cultural, para a valoración do illamento da fachada máis a súa atenuación por distancia, os resultados de illamento acústico obtidos *in situ* conforme á Norma UNE-EN ISO 16283-3:2016, poden corrixirse pola distancia das fachadas ás lindes da seguinte forma:

$$D_{1s,2m, nAT} \text{ corrixido} = D_{1s,2m, nAT} + 10 \log d \quad (4.F)$$

onde

$D_{1s,2m, nAT}$, valor global de illamento obtido conforme á norma referenciada.

d , distancia máis corta da fachada considerada ós lindes da parcela.

Dita corrección poderá establecerse sempre e cando a distancia da fachada ás lindes sexa igual ou superior a 3 m, en caso contrario aplicaranse as esixencias xenéricas establecidas. Non terán consideración de atenuación por distancia os retranqueos das fachadas dos locais dentro do volume da edificación que os contén. O valor final da magnitude de **illamento global** $D_{2m,nT,A, \text{corrixido}}$ exprésarase redondeado a un número enteiro, mediante a suma de 0,5 dBA ao valor calculado cunha cifra decimal, tomando a parte enteira como valor resultante, segundo o exemplo do apartado 4.1 deste documento.

Observacións: segundo o establecido nas disposicións transitorias do *Real Decreto 732/2019, do 20 de decembro, polo que se modifica o Código Técnico da Edificación, aprobado polo Real Decreto 314/2006, de 17 de marzo*, de forma voluntaria poderá seguir aplicándose a norma UNE-EN ISO 140-5:1999 nas obras de nova construción e ás intervencións en edificios ou recintos existentes que teñan solicitada a licenza municipal de obras con anterioridade ao 28 de xuño do 2020.

3. Medición do illamento acústico a ruído de impactos



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

A medición realizarase conforme á Norma UNE-EN ISO 16283-2:2021 ou outra que a substitúa lexislativamente, en bandas de 1/3 de oitava no rango de frecuencias comprendido entre 100 e 5000 Hz.

Os niveis de ruído impacto, transmitidos polos chans das actividades de pública concorrencia contemplados nesta ordenanza, determinaranse conforme a devandita norma mediante a colocación da máquina de impactos normalizada no chan da actividade inspeccionada, determinando os niveis acadados nos recintos receptores máis afectados (vivenda colindante superior, inferior ou ao mesmo nivel, ou no seu defecto a máis achegada ao local emisor se houberá recintos intermedios).

Para o seu cálculo partírase do espectro de niveis de presión de ruído de impactos estandarizado, $L_{nT}(f)$, obtido de acordo á norma referenciada, nas bandas de frecuencia de 1/3 de oitava comprendidas entre 100 Hz e 5 kHz segundo a expresión:

$$L'_{nT} = L_i - 10 \cdot \lg \frac{T}{T_0} \quad [\text{dB}] \quad (4.G)$$

Donde:

L_i nivel medio de presión sonora de 1/3 de oitava na sala receptora cando o chan baixo ensaio é excitado pola máquina de impactos normalizada, [dB]; corrixido polo ruído de fondo segundo apartado 9 da norma referenciada;

T tempo de reverberación de 1/3 de oitava do recinto receptor, [s];

T_0 tempo de reverberación de referencia; o seu valor é $T_0 = 0,5$ s.

Para obter o valor de illamento global $L'_{nT,A}$ (nivel global de presión de ruído de impactos, ponderado A), empregárase a seguinte expresión:

$$L'_{nT,A} = 10 \cdot \lg \sum_{i=100\text{Hz}}^{5\text{kHz}} 10^{(L_{nT,i} + A_i) / 10} \quad [\text{dBA}] \quad (4.2)$$

$L'_{nT,i}$ nivel de presión de ruído de impactos estandarizado na banda de frecuencia i , [dB] (véxase a ecuación 4.1);

A_i valor da curva de ponderación A, na banda de frecuencia i , (Táboa 2 deste documento);

i recorre todas as bandas de frecuencia de terzo de octava de 100 Hz a 5 kHz.

O valor final da magnitude de illamento global $L'_{nT,A}$ exprésase redondeado a un número enteiro, mediante a suma de 0,5 dBA ao valor calculado cunha cifra decimal, tomando a parte enteira como valor resultante, segundo o exemplo aportado no apartado 2.1 deste documento.

Táboa 2: Valores A_i da curva de ponderación A

Frecuencia Hz	100	125	160	200	250	315	400	500	630
Curva de ponderación dBA (A_i)	-19,1	-16,1	-13,4	-10,9	-8,6	-6,6	-4,8	-3,2	-1,9
Frecuencia Hz	800	1000	1250	1600	2000	2500	3150	4000	5000
Curva de ponderación dBA (A_i)	-0,8	0	0,6	1,0	1,2	1,3	1,2	1,0	0,5



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

Observacións: segundo o establecido nas disposicións transitorias do *Real Decreto 732/2019, do 20 de decembro, polo que se modifica o Código Técnico da Edificación, aprobado polo Real Decreto 314/2006, de 17 de marzo*, de forma voluntaria poderá seguir aplicándose a norma UNE-EN ISO 140-7:1999 nas obras de nova construción e ás intervencións en edificios ou recintos existentes que teñan solicitada a licenza municipal de obras con anterioridade ao 28 de xuño do 2020.

4. Medición do tempo de reverberación de recintos

A medición realizarase conforme á Norma UNE-EN ISO 3382-2:2008 ou outra que a substitúa lexislativamente, en bandas de 1/3 oitava no rango de frecuencias comprendido entre 100 e 5000 Hz.

A efectos de inspección considerase suficiente unha mostraxe de 6 posicións para cada recinto evaluado.

Os valores das esixencias establecidos como límite entenderanse como a media dos valores obtidos *in situ* a 400, 500, 630, 800, 1000, 1250, 1600, 2000 e 2500 Hz das medicións realizadas en bandas de tercio de oitava.

Os valores do tempo de reverberación especificaranse redondeados á primeira cifra decimal.

E. EQUIPOS DE CONTROL DE RUIDO

Aquelas actividades que dispoñan de equipos de reprodución de son ou audiovisuais, estarán obrigadas a instalar aparellos de control permanente de emisión fónica (limitadores de son), deseñados para causa-la limitación da emisión sonora para garantir o cumprimento dos límites máximos permitidos emisión e recepción sonora en función da actividade e do seu illamento acústico. O dispositivo de control deberá te-las seguintes prestacións:

- Capacidade de limitar o nivel de son aos niveles permitidos en función do tipo de actividade. Para as actividades dos Grupos 2, 3, 4, 5 e 6 deben permitir ademáis facer a limitación frecuencialmente, como mínimo en bandas de 1/1 oitava, e rexistrar e almacenar permanentemente os niveis de son existentes no interior do local (sonografía).
 - Conservar a información durante doce meses para permiti-la súa inspección posterior.
2. Dispor dun sistema que lles permita ós servizos municipais realizar a inspección dos datos, tanto presencial coma remota en tempo real a través dunha rede de datos, de maneira que se poidan trasladar ós sistemas informáticos do servizo de inspección para a súa análise e avaliación, permitindo a impresión deles. Todas estas operacións non serán destructivas dos datos existentes no dispositivo, nin existirá a posibilidade de manipulación deles mediante o sistema informático.
 3. Contar cun dispositivo para evitar posibles manipulacións do limitador, mediante claves electrónicas ou claves de acceso e poder ser precintado.
 4. Os dispositivos de control terán que estar homologados como tales.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

5. Para realizar o axuste do limitador colocárase o micrófono a 2 m dos altofalantes e a unha altura de 1,5 m sobre o nivel do chan, na dirección de máximo nivel de presión sonora, realizando o precintado do limitador ao nivel de presión sonora correspondente en función do tipo de actividade e a curva de illamento acústico medido *in situ*.
6. O elemento sensor do sonógrafo (micrófono) deberá ir instalado nun lugar visible a unha distancia máxima de 2 m dalgún dos altofalantes existentes, na zona que caracterice na maior medida o nivel sonoro existente en todo o local, fóra do alcance natural dos clientes do local ou protexido contra posibles accións indebidas (golpes, substracción, etc).

Previa á posta en marcha da actividade, esixíraselle un certificado de limitación do equipo de reprodución musical, expedido por entidade de avaliación acústica que cumpra os requirements establecidos no Artigo 12 do *DECRETO 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia*. No informe deben describirse, con marca e modelo, todos os elementos que compoñen o equipo de reprodución sonora instalado no local e o limitador e/ou sonógrafo instalado, así coma un esquema da instalación donde se indique a interconexión entre os distintos equipos.

Asimesmo deben notificarse ao Concello os cambios realizados con posterioridade á realización da limitación, para proceder a axusta-lo limitador cos novos parámetros.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

ANEXO II: OBXECTIVOS DE CALIDADE ACÚSTICA E VALORES LÍMITE

1. OBXECTIVOS DE CALIDADE ACÚSTICA

Táboa A. Obxectivos de calidade acústica para ruído exterior aplicables a áreas urbanizadas existentes.

Tipo de área acústica		Índices de ruído		
		L _d	L _e	L _n
e	Sectores do territorio con chan de uso sanitario, docente e cultural que requira unha especial protección contra a contaminación acústica.	55	55	45
a	Sectores do territorio con chan de uso residencial.	65	65	55
d	Sectores do territorio con chan de uso terciario distinto do contemplado en tipo c.	70	70	65
c	Sectores do territorio con chan de uso recreativo e de espectáculos.	73	73	63
b	Sectores do territorio con chan de uso industrial.	73	73	63
f	Sectores do territorio afectados a sistemas xerais de infraestruturas de transporte, ou outros equipamentos públicos que os reclamen (1)	(2)	(2)	(2)
g	Espazos naturais (3)	55	55	45

(1) Nestes sectores do territorio adoptaranse as medidas adecuadas de prevención da contaminación acústica, en particular mediante a aplicación das tecnoloxías de menor incidencia acústica de entre as mellores técnicas dispoñibles, de acordo co apartado a), do artigo 18.2 da Lei 37/2003, de 17 de novembro.

(2) No límite perimetral destes sectores do territorio non se superarán os obxectivos de calidade acústica para ruído aplicables ás áreas acústicas lindoiras.

(3) De forma xeral serán todos os espazos naturais, forestais, etc., non incluídos en ningunha das áreas acústicas relacionadas, e en particular, aquelas áreas do territorio a protexer, establecidas polo Concello ou as administracións competentes, por conter sistemas ou elementos naturais representativos, singulares, fráxiles, amenazados ou de especial interés ecolóxico, científico, paisaxístico, xeolóxico ou educativo.

Nota: Os obxectivos de calidade aplicables ás áreas acústicas están referenciados a unha altura de 4 m.

Táboa B. Obxectivos de calidade acústica para ruído aplicables ao espazo interior habitable de edificacións destinadas a vivenda, usos residenciais, hospitalarios, educativos ou culturais. (1)

Uso do edificio	Tipo de recinto	Índices de ruído		
		L _d	L _e	L _n
Vivenda ou uso residencial	Estancias	45	45	35
	Dormitorios	40	40	30
Hospitalario	Zonas de estancia	45	45	35
	Dormitorios	40	40	30
Educativo ou cultural	Aulas	40	40	40
	Salas de lectura	35	35	35

(1) Os valores da táboa B, refírense aos valores do índice de inmisión resultantes do conxunto de emisores acústicos que inciden no interior do recinto (instalacións do propio edificio, actividades que se desenvolven no propio edificio ou lindoiras, ruído ambiental transmitido ao interior).

Nota: Os obxectivos de calidade aplicables no espazo interior están referenciados a unha altura de entre 1,2 m e 1,5 m.

Táboa C. Obxectivos de calidade acústica para vibracións aplicables ao espazo interior habitable de edificacións destinadas a vivenda, usos residenciais, hospitalarios, educativos



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

ou culturais.

Uso do edificio	Índice de vibración L_{av}
Vivenda ou uso residencial	75
Hospitalario	72
Educativo ou cultural	72
Oficinas / despachos profesionais	78
Actividades / Comercios	84

Nota: os índices de vibración establecidos teñen consideración de valores límite esixibles aos emisores acústicos tramitados administrativamente con posterioridade a entrada en vigor do Real Decreto 1367/2007.

2. VALORES LÍMITE DE INMISIÓN

Táboa A1. Valores límite de inmisión de ruído exterior aplicables a novas infraestruturas viarias, ferroviarias e aeroportuarias.

Tipo de área acústica		Índices de ruído		
		L_d	L_e	L_n
e	Sectores do territorio con chan de uso sanitario, docente e cultural que requira unha especial protección contra a contaminación acústica.	55	55	45
a	Sectores do territorio con chan de uso residencial.	60	60	50
d	Sectores do territorio con chan de uso terciario distinto do contemplado en tipo c.	65	65	55
c	Sectores do territorio con chan de uso recreativo e de espectáculos.	68	68	58
b	Sectores do territorio con chan de uso industrial.	70	70	60

Táboa A2. Valores límite de inmisión máximos de ruído exterior aplicables a infraestruturas ferroviarias e aeroportuarias.

Tipo de área acústica		Índice de ruído L_{Amax}
e	Sectores do territorio con chan de uso sanitario, docente e cultural que requira unha especial protección contra a contaminación acústica.	80
a	Sectores do territorio con chan de uso residencial.	85
d	Sectores do territorio con chan de uso terciario distinto do contemplado en tipo c.	88
c	Sectores do territorio con chan de uso recreativo e de espectáculos.	90
b	Sectores do territorio con chan de uso industrial.	90

Táboa B1a. Valores límite de inmisión de ruído exterior (valor media anual) aplicables a infraestruturas non consideradas viarias, ferroviarias ou aeroportuarias, instalacións en xeral e actividades.

Tipo de área acústica	Índices de ruído (valor media anual)
-----------------------	---



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

		$L_{K,d}$	$L_{K,e}$	$L_{K,n}$
e	Sectores do territorio con chan de uso sanitario, docente e cultural que requira unha especial protección contra a contaminación acústica.	45	45	35
a	Sectores do territorio con chan de uso residencial.	55	55	45
d	Sectores do territorio con chan de uso terciario distinto do contemplado en tipo c.	60	60	50
c	Sectores do territorio con chan de uso recreativo e de espectáculos.	63	63	53
b	Sectores do territorio con chan de uso industrial.	63	63	53
g	Espazos naturais (definidos na Taboa A do Anexo II)	45	45	35

Táboa B1b. Valores límite de inmisión de ruído exterior (valor diario) aplicables a infraestruturas non consideradas viarias, ferroviarias ou aeroportuarias, instalacións en xeral e actividades.

Tipo de área acústica		Índices de ruído (valor diario)		
		$L_{K,d}$	$L_{K,e}$	$L_{K,n}$
e	Sectores do territorio con chan de uso sanitario, docente e cultural que requira unha especial protección contra a contaminación acústica.	48	48	38
a	Sectores do territorio con chan de uso residencial.	58	58	48
d	Sectores do territorio con chan de uso terciario distinto do contemplado en tipo c.	63	63	53
c	Sectores do territorio con chan de uso recreativo e de espectáculos.	66	66	56
b	Sectores do territorio con chan de uso industrial.	66	66	56
g	Espazos naturais (definidos na Taboa A do Anexo II)	48	48	38

Táboa B1c. Valores límite de inmisión de ruído exterior (parámetro $L_{K_{eq,Ti}}$) aplicables a infraestruturas non consideradas viarias, ferroviarias ou aeroportuarias, instalacións en xeral e actividades.

Tipo de área acústica		Índices de ruído (valor medido $L_{K_{eq,Ti}}$ en medicións de curta duración por fases de ruído)		
		$L_{K_{eq,Ti},d}$	$L_{K_{eq,Ti},e}$	$L_{K_{eq,Ti},n}$
e	Sectores do territorio con chan de uso sanitario, docente e cultural que requira unha especial protección contra a contaminación acústica.	50	50	40
a	Sectores do territorio con chan de uso residencial.	60	60	50
d	Sectores do territorio con chan de uso terciario distinto do contemplado en tipo c.	65	65	55
c	Sectores do territorio con chan de uso recreativo e de espectáculos.	68	68	58
b	Sectores do territorio con chan de uso industrial.	68	68	58
g	Espazos naturais (definidos na Taboa A do Anexo II)	50	50	40

Táboa B2a. Valores límite de ruído transmitido por actividades ao interior de locais (valor anual).

Uso do edificio	Tipo de recinto	Índices de ruído (valor media anual)		
		$L_{K,d}$	$L_{K,e}$	$L_{K,n}$
Vivenda ou uso residencial	Zonas de estancia	40	40	30
	Dormitorios	35	35	25
Administrativo e de oficinas	Despachos profesionais	35	35	35
	Oficinas	40	40	40



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

Hospitalario ou sanitario	Zonas de estancia	40	40	30
	Dormitorios	35	35	25
Educativo ou cultural	Aulas	35	35	35
	Salas de lectura	30	30	30
Comercial (establecimentos comerciais en cualquier tipo de edificio)	Zonas ocupadas por personas de forma permanente	50	50	50

Táboa B2b. Valores límite de ruído transmitido por actividades ao interior de locais (valor diario).

Uso do edificio	Tipo de recinto	Índices de ruído (valor diario)		
		$L_{K, d}$	$L_{K, e}$	$L_{K, n}$
Vivenda ou uso residencial	Zonas de estancia	43	43	33
	Dormitorios	38	38	28
Administrativo e de oficinas	Despachos profesionais	38	38	38
	Oficinas	43	43	43
Hospitalario ou sanitario	Zonas de estancia	43	43	33
	Dormitorios	38	38	28
Educativo ou cultural	Aulas	38	38	38
	Salas de lectura	33	33	33
Comercial (establecimentos comerciais en cualquier tipo de edificio)	Zonas ocupadas por personas de forma permanente	53	53	53

Táboa B2c. Valores límite de ruído transmitido por actividades ao interior de locais (valor medido $L_{K_{eq, Ti}}$ en medicións por fases de ruído).

Uso do edificio	Tipo de recinto	Índices de ruído (valor medido $L_{K_{eq, Ti}}$ en medicións por fases de ruído)		
		$L_{K_{eq, Ti, d}}$	$L_{K_{eq, Ti, e}}$	$L_{K_{eq, Ti, n}}$
Vivenda ou uso residencial	Zonas de estancia	45	45	35
	Dormitorios	40	40	30
Administrativo e de oficinas	Despachos profesionais	40	40	40
	Oficinas	45	45	45
Hospitalario ou sanitario	Zonas de estancia	45	45	35
	Dormitorios	40	40	30
Educativo ou cultural	Aulas	40	40	40
	Salas de lectura	35	35	35
Comercial / Actividades (establecimentos en cualquier tipo de edificio)	Zonas ocupadas por personas de forma permanente	50	50	50

ANEXO III: CLASIFICACIÓN DE ACTIVIDADES A DESENVOLVER EN EDIFICACIONES E



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

VALORES DE ILLAMENTO PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES

A. CLASIFICACIÓN DE ACTIVIDADES A DESENVOLVER EN EDIFICACIÓNS

Para a consideración dos valores de illamento que se indican no apartado B deste anexo, as actividades que se levan a cabo clasifícanse, en función do seu grao de molestia, nos seguintes grupos, atendendo as súas características de funcionamento:

Táboa III.A.1. CLASIFICACIÓN DE ACTIVIDADES A DESENVOLVER EN EDIFICACIÓNS		
GRUPO	Características de funcionamento da actividade	
	Horario de funcionamento	Nivel sonoro no interior L (L _{Aeq})
0	calquera	≤ 75 dBA
1	De 07:01 a 23:00 horas	Entre 76 e 80 dBA
2		Entre 81 e 90 dBA
3		> 90 dBA
4	De 23:01 a 07:00 horas (Parcial ou totalmente)	Entre 76 e 80 dBA
5		Entre 81 e 90 dBA
6		> 90 dBA

De xeito orientativo indícase a continuación, para cada Grupo, unha serie de exemplos de tipos de actividades que maioritariamente poderían agruparse nos mesmos:

- Grupo 0: despachos profesionais, oficinas, farmacias, librarías, papelerías, froitarías, tendas, estancos, peluquerías e similares.
- Grupos 1 e 4 (segundo o horario de desenvolvemento da actividade): ximnasios, centros de ocio infantil, supermercados, cafeterías, bares, taperías, restaurantes e similares.
- Grupos 2 e 5 (segundo o horario de desenvolvemento da actividade): talleres, industrias, pubs e similares.
- Grupos 3 e 6 (segundo o horario de desenvolvemento da actividade): discotecas, salas de festas e similares, estudos de grabación e ensaio, academias de música, locais de ensaio musical.

Tanto os exemplos tipificados, como as actividades que non estean expresamente comprendidas na nomenclatura dos grupos referidos, encadraranse, a efectos de cumprimento con esta normativa, dentro do grupo co que teña maior afinidade, en función dos parámetros máis restritivos: período de actividade e nivel de presión sonora. Será responsabilidade do autor do proxecto de actividade establecer os illamentos necesarios para cumprir os niveis de transmisión de ruído esixidos en función do impacto acústico previsto no interior da mesma e o horario de funcionamento.

O nivel sonoro L indicado na táboa III.A.1 corresponderase co nivel L_{Aeq}, estimado para o caso máis desfavorable, durante o desenvolvemento da súa actividade, e dicir, con todas as fontes sonoras en funcionamento simultáneo.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

B. VALORES DE ILLAMENTO ACÚSTICO PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES

O Illamento acústico de edificacións e actividades cumprirá co establecido na legislación sectorial vixente segundo se indica, respectivamente, nos artigos 15 e 17 desta Ordenanza, tanto no referente a obtención de licenzas de ocupación como a realización de actividades.

A partires da clasificación de cada actividade, segundo os grupos da táboa III.A.1, esta Ordenanza esixe que as actividades cumpran cuns valores mínimos de illamento, que son os que se sinalan na táboa III.B.1.

Os valores indicados a continuación son de aplicación ás actividades novas; rexéndose as existentes polos valores aplicables no momento de apertura ou concesión de autorización. En caso de que as actividades existentes realicen modificacións, reformas ou ampliacións; sexan clausuradas; ou incidan nunha infracción grave ou superior, como a superación en máis de 3 dB de algún dos valores límite de transmisión vixentes nesta Ordenanza ou normativas de rango superior, independentemente das sancións correspondentes, as mesmas axustaranse ao desposto neste anexo, nun prazo non superior a 1 ano. Se considerará actividades existentes as que iniciaran a actividade con anterioridade á entrada en vigor desta Ordenanza.

GRUPO	Illamento a ruído aéreo respecto a vivendas		Illamento a ruído aéreo da fachada (fachadas que afecten zonas residenciais)	Illamento a ruído de impactos respecto a vivendas
	$D_{nT,A,100-5000 \text{ Hz}}^{(1)}$ (dBA)	$D_{nT,125 \text{ Hz}}^{(2)}$ (dB)	$D_{2m,nT,A,100-5000 \text{ Hz}}^{(3)}$ (dBA)	$L'_{nT,A,100-5000 \text{ Hz}}^{(4)}$ (dBA)
0	≥ 55	≥ 40	≥ 35	≤ 60
1	≥ 55	≥ 45	≥ 35	≤ 45
2	≥ 60	≥ 50	≥ 40	≤ 40
3	≥ 70	≥ 55	≥ 45	≤ 40
4	≥ 60	≥ 45	≥ 40	≤ 40
5	≥ 70	≥ 55	≥ 50	≤ 35
6	≥ 80	≥ 60	≥ 60	≤ 35

1. Ensaiado e calculado segundo o apartado 1 do Anexo 1 D) desta Ordenanza.
2. Ensaiado e calculado segundo o apartado 1 do Anexo 1 D) desta Ordenanza.
3. Ensaiado e calculado segundo o apartado 2 do Anexo 1 D) desta Ordenanza.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

4. Ensaio e calculado segundo o apartado 3 do Anexo 1 D) desta Ordenanza.

C. VALORES DE TEMPO DE REVERBERACIÓN ESIXIDOS

Aos recintos que lles sexa de aplicación o establecido no apartado “2.2. Valores límite do tempo de reverberación” do Documento Básico de Protección Fronte ao Ruido “DB-HR” do Código Técnico da Edificación, esixiráselles a certificación do cumprimento dos tempos de reverberación esixidos mediante ensaio *in situ* conforme se determina no apartado 4 do Anexo 1 D) desta Ordenanza.

Ás actividades de hostelería, que non estén reguladas polo DB-HR (bares, taperías, cafeterías, pubs, discotecas, salas de festas, etc.), esixiráselles a certificación, mediante medición *in situ*, do cumprimento dun tempo de reverberación de $T_{500-2000 \text{ Hz}} \leq 0,9 \text{ s}$, medido co recinto sen ocupación e nás zonas de estancia destinadas a público.

Se os recintos destinados a público, que establece o párrafo anterior, teñen un volume superior a 350 m^3 o tempo de reverberación esixible, xustificado debidamente no proxecto da actividade, será función do seu volume e obterase a partir da expresión seguinte:

$$T_{500-2000 \text{ Hz}} \leq 0,368 \cdot V^{0,1505} \quad (\text{sendo } V \text{ o volumen do local en } \text{m}^3)$$

Igualmente, a certificación do tempo de reverberación esixido realizárase mediante ensaio *in situ* conforme se determina no apartado 4 do Anexo 1 D) desta Ordenanza.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

ANEXO IV: ESTUDOS ACÚSTICOS

O contido mínimo dos estudos acústicos, será o seguinte:

a) Descrición das características da zona afectada e actividade ou emisor acústico avaliado, indicando alomenos: tipo de zona acústica, tipo de actividade e titular desta; en todo caso relacionando o grao do impacto acústico en función do horario.

b) Descrición das características de emisión acústica do emisor ou actividade e do illamento acústico proxectado e outras medidas de atenuación sonora, aportando xustificación técnica de cumprimento dos valores mínimos establecidos, que garantan a non superación dos valores límite de recepción. Para o cálculo dos illamentos acústicos proxectados empregarase a ferramenta oficial de cálculo do Documento Básico de Protección fronte ao Ruido, DB-HR, do Código Técnico da Edificación ou calquera outra que lexislativamente derogue a ésta.

c) Identificación dos recintos afectados na zona ou lindeiros coa actividade en avaliación, indicando os puntos máis desfavorables e os valores límite de recepción.

d) En casos recorrentes ou que supoñan algún tipo de afección nos obxectivos de calidade acústica, o Concello poderá solicitar aos titulares dos emisores acústicos e/ou actividades un mapa de ruído da zona ou contorna da actividade antes e despois da realización de calquera cambio, plano 1/5000 ou de maior resolución, identificando os principais focos emisores e indicando os valores previsibles dos índices acústicos, as persoas e vivendas afectadas, así como o plan de acción e medidas correctoras correspondentes.

E para que conste, para os efectos oportunos, salvo erro ou omisión involuntaria, expido e asino dixitalmente a presente certificación co visto e prace do alcalde, José Antonio Pereira Gil, na Baña na data da sinatura dixital.

O alcalde, José Antonio Pereira Gil.

A secretaria-interventora-titular, Olga Dourado González